



DOCUMENTO:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

TIPO DE CONTRATO:

SERVIZO

OBXECTO DO CONTRATO:

**REDACCIÓN DE DOCUMENTO PARA
TRAMITACIÓN URBANÍSTICA E
AMBIENTAL (PIA), PROXECTO DE
CONSTRUCCIÓN DE VIAIS E ACCESOS
PROXECTO DE URBANIZACIÓN,
PROXECTO BÁSICOS E DE EXECUCIÓN**

ACTUACIÓN:

**ORDENACIÓN DO CONTORNO
DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)**

CLAVE:

**ATSP250401
(AC/25/118.30)**

DATA:

XUÑO 2025





1	OBXECTO.....	5
1.1	OBXECTO DO PREGO.....	5
1.2	OBXECTO DO CONTRATO.....	5
2	RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E O CONTRATISTA.....	7
2.1	DEFINIÇÕES.....	7
2.1.1	ADMINISTRACIÓN.....	7
2.1.2	DIRECTOR DO SERVIZO (RESPONSABLE DO CONTRATO).....	7
2.1.3	DIRECCIÓN DO SERVIZO.....	7
2.1.4	CONSULTOR (CONTRATISTA).....	7
2.1.5	DELEGADO DO CONSULTOR.....	7
2.1.6	PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR.....	8
2.2	FUNCIÓNS.....	8
2.2.1	FUNCIÓNS DA ADMINISTRACIÓN.....	8
2.2.2	FUNCIÓNS DO DIRECTOR DO SERVIZO.....	9
2.2.3	FUNCIÓNS DA DIRECCIÓN DO SERVIZO.....	9
2.2.4	FUNCIÓNS DO CONSULTOR.....	9
2.2.5	FUNCIÓNS DO DELEGADO DO CONSULTOR.....	10
2.2.6	FUNCIÓNS DO PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR.....	10
2.3	RESPONSABILIDADES.....	10
2.3.1	DIRECTOR E DIRECCIÓN DO SERVIZO.....	11
2.3.2	CONSULTOR, DELEGADO E O RESTO DO SEU PERSOAL.....	11
3	MARCO NORMATIVO.....	12
4	DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR.....	14
4.1	ANTECEDENTES E OBXECTIVO PRIORITARIO DA ACTUACIÓN.....	14





4.1.1	ELEMENTOS DA ACTUACIÓN.....	15
4.1.2	DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	17
4.1.3	XENERALIDADES.....	18
4.2	METODOLOXÍA.....	18
4.3	TRABALLOS PREVIOS.....	19
4.3.1	CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA.....	19
4.3.2	XEOTECNIA.....	20
4.3.3	PATRIMONIO CULTURAL.....	21
4.3.4	ESTUDO DE MOBILIDADE NA CONTORNA.....	21
4.4	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE ORDENACIÓN GLOBAL DO ÁMBITO.....	22
4.5	DOCUMENTOS PARA A TRAMITACIÓN AMBIENTAL E URBANÍSTICA.....	26
4.5.1	DOCUMENTO AMBIENTAL.....	26
4.5.2	DOCUMENTO PARA TRAMITACIÓN URBANÍSTICA (PIA).....	27
4.6	REDACCIÓN DOS PROXECTOS.....	28
4.6.1	PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE VIARIO E ACCESOS.....	28
4.6.2	PROXECTO DE URBANIZACIÓN.....	31
4.6.3	PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE EDIFICACIÓN.....	32
4.6.4	SUPERVISIÓN DOS PROXECTOS.....	39
4.7	COMUNICACIÓN.....	39
5	DOCUMENTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO.....	41
5.1	PRESENTACIÓN DO ANTEPROXECTO E DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA).....	41
5.1.1	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE ORDENACIÓN GLOBAL DO ÁMBITO.....	41
5.1.2	PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA).....	41
5.2	PROXECTO DE VIARIO E ACCESOS.....	54
5.2.1	COPIAS EN PAPEL.....	54
5.2.2	COPIAS DIXITAIS.....	55
5.3	PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN.....	55





5.3.1 FASES.....	55
5.3.2 PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.....	56
5.4 DOCUMENTOS POSTOS Á DISPOSICIÓN DO CONSULTOR.....	60
6 DOTACIÓN DE MEDIOS.....	61
6.1 PERSOAL.....	61
6.1.1 PERSOAL PARA OS TRABALLOS PREVIOS, A TRAMITACIÓN URBANÍSTICA E AMBIENTAL E A REDACCIÓN DOS PROXECTOS.....	61
6.1.2 CONSIDERACIÓNS SOBRE O PERSOAL.....	62
6.2 VEHÍCULOS.....	63
6.3 SERVIZOS ADICIONAIS.....	63
7 ORZAMENTO DO CONTRATO.....	64
8 DISPOSICIÓNS XERAIS.....	67
8.1 CONDICIONANTES TÉCNICOS.....	67
8.2 PLAN DE ASEGURAMENTO DA CALIDADE DO CONSULTOR.....	67
8.3 VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS TRABALLOS.....	68
8.4 PRAZO DE EXECUCIÓN.....	68
9 ANEXOS DO DOCUMENTO.....	70





1 OBXECTO

1.1 OBXECTO DO PREGO

O obxecto deste Prego de prescricións técnicas (en diante, "Prego") é determinar o contido e alcance, así como fixar as condicións técnicas que han de rexer na realización dos traballos incluídos no contrato de servizo para a redacción e da **documentación técnica precisa para a tramitación urbanística e ambiental**, que incluírá o grao de definición que se estime necesario, en cada caso, para a concreción da urbanización, dos viarios e da edificación que se contemple na ordenación, **proxecto de construción de viarios e accesos, proxecto de urbanización e proxecto de execución das edificacións contempladas na actuación de "Ordenación do contorno do Complexo hospitalario universitario de Santiago de Compostela (CHUS)"**, de Clave: ATSP250401 (AC/25/118.30), tendo en conta o previsto na lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/EU e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 («BOE» núm. 272, de 09/11/2017).

1.2 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a redacción de todos os documentos necesarios para definir a reordenación global do ámbito, e a concreta delimitación do mesmo conforme ao sinalado no punto anterior; que ademais servirán de base para a súa posterior tramitación urbanística e ambiental. Todo elo realizarase en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Así, serán obxecto deste contrato:

- Redacción da **Proposta de actuación** para a **Declaración de Interese Autonómico**, co contido que determina a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (LOGT).
- **Redacción da documentación técnica de ordenación global do ámbito, que servirá de base para a elaboración do PIA** coa delimitación do ámbito de actuación, a definición da urbanización, do viario a nivel de trazado, e da edificación dos aparcamentos a nivel de proxecto básico, e a posible ampliación de usos hospitalarios a nivel de anteprojecto co obxecto de garantir a súa compatibilidade e conectividade coa proposta. Describírase tamén as súas posibles fases de execución das obras.
- Redacción da documentación necesaria para a tramitación ambiental e urbanística a través dun **Proxecto de Interese Autonómico** (en diante **PIA**) nas súas sucesivas fases, prevista na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (LOGT)
- **Apoio técnico** no proceso de tramitación urbanística, ambiental e ao respecto do Patrimonio Cultural.
- Redacción do(s) **proxecto(s) de urbanización e integración paisaxística**.
- Redacción dos **proxectos de trazado** (no caso de que estos se tramiten de forma independente ao PIA) e **construción de viarios e accesos**.
- Redacción dos **proxectos de execución** dos aparcamentos e a posible demolición que, no seu caso, poidanr compatibles co planeamento urbanístico vixente, e os que se definan na documentación técnica do PIA. Aínda que deberá resolverse a implantación e conexión interna





entre o edificio de ampliación hospitalaria e os aparcamentos, este proxecto de ampliación de uso sanitario será desenvolvido con posterioridade nun contrato independente.

- Elaboración dun **plan de comunicación** para o desenvolvemento da actuación coa máxima transparencia, e do material gráfico e audiovisual que represente e transmita o resultado da actuación na contorna do CHUS.





2 RELACIÓNS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E O CONTRATISTA

2.1 DEFINICIÓNS

2.1.1 ADMINISTRACIÓN

Segundo o artigo 61 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP) o órgano de contratación, a través dos responsables que designe, será o representante das entidades do sector público, que neste caso exercerá as súas competencias de acordo co previsto na cláusula 5ª do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Estudos e Servizos Técnicos, aprobado por Orde do 8 de marzo de 1972 do Ministerio de Obras Públicas (no sucesivo, PCET).

2.1.2 DIRECTOR DO SERVIZO (RESPONSABLE DO CONTRATO)

A figura de responsable do contrato recollida no artigo 62 da LCSP correspóndese coa referencia que a cláusula 5ª do PCET fai ao Facultativo da Administración Director do Servizo (no sucesivo, e nos termos do PCET, "Director") .

2.1.3 DIRECCIÓN DO SERVIZO

Por Dirección do Servizo (no sucesivo, e nos termos do PCET, "Dirección"), enténdese o equipo de colaboradores baixo a coordinación do Director, tal e como están definidos na cláusula 5ª do PCET. O seu nomeamento e cesamento realizarase da maneira prevista en aquel.

2.1.4 CONSULTOR (CONTRATISTA)

O licitador que resulte adxudicatario do contrato de servizo, desenvolvendo o preceptuado neste Prego, recibe indistintamente a denominación de "Contratista", ou segundo a cláusula 6ª do PCET, de "Consultor " (que será a empregada en diante).

2.1.5 DELEGADO DO CONSULTOR

O Contratista designará como representante seu (en diante, e nos termos do PCET, "Delegado"), a unha persoa con titulación profesional, entre as de grao en Enxeñería civil ou equivalente ou arquitecto ou equivalente, ou ben, no caso de que o licitador sexa unha empresa estranxeira, unha titulación profesional equivalente a aquelas (coas especialidades técnicas necesarias e adecuadas).

O licitador detallará a titulación profesional e a experiencia da persoa que prevé designar, no caso de que resulte adxudicatario do contrato, para o cargo de Delegado do Consultor.



2.1.6 PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR

O Consultor nomeará aos Autores dos Proxectos e Directores das Obras, aos que se lles esixirán os requisitos de titulación axeitados e a mesma experiencia profesional que ao seu Delegado. Os Autores dos Proxectos serán os responsables da realización das actividades diarias do servizo nos traballos previos, tramitación ambiental e urbanística e redacción dos proxectos.

O persoal que se adscriba á execución do contrato será, en cada fase do traballo, o idóneo para a especialidade requirida.

A relación do persoal adscrito ao contrato e o organigrama correspondente, cando difira da proposta polo Consultor na súa oferta, seralle presentada ao Director do servizo na primeira quincena de vixencia do contrato e sempre que sexa preciso introducir algún cambio, a quen lle corresponde a súa aprobación.

Á vista das titulacións e do organigrama de persoal proposto polo Consultor aprobaranse, por parte do Director, as atribucións das diversas persoas asignadas ao contrato por parte do Consultor. Así mesmo, fixaranse as relacións con respecto ao persoal da Administración, para os efectos previstos no PCET.

En calquera momento o Director poderá reclamar do Consultor a substitución do persoal cuxo rendemento estime inadecuado. Nese caso, o Consultor presentará a proposta de persoal de substitución ao Director, ao que lle corresponderá a súa aprobación, no prazo de cinco (5) días laborais desde a recepción da comunicación correspondente.

Todo o persoal que se adscriba á execución do contrato, cando difira do proposto polo Consultor na súa oferta, deberá de contar coa mesma titulación que aquel e con condicións de experiencia análogas.

2.2 FUNCÍONS

2.2.1 FUNCÍONS DA ADMINISTRACIÓN

A Administración resérvase as funcións e competencias que lle atribúe o conxunto da lexislación e normativa vixente, que serán exercidas da forma legalmente establecida.

A Administración, a través dos responsables que designe, será a encargada da coordinación e seguimento do traballo para realizar, así como do cumprimento deste prego e vixilancia da elaboración dos documentos aos que nel se fai referencia.

Son funcións da Administración:

- Exercer a inspección e vixilancia continuada do contrato de traballo.
- Interpretar a documentación contractual, para a correcta execución do contrato.
- Esixir a existencia de persoas, medios e organización, que consta na documentación contractual para a execución do contrato.
- Propoñer os criterios de deseño das infraestruturas, así como aprobar os criterios de prestacións e calidades a esixir.
- Aprobar a adaptación do programa funcional e o programa de espazos.





- Tramitar e resolver cantos incidentes xurdan na fase de execución do servizo.

O consultor participará, cando se lle requira, nas reunións preparatorias ou de seguimento que se teñan que celebrar ou que sexan convocadas pola Administración, para o correcto desenvolvemento dos traballos e realizará as modificacións que se deriven dos acordos adoptados nas mesmas. A Administración poderá en todo momento, inspeccionar e dirixir a marcha dos traballos ou recoller datos con vistas ao cumprimento e seguimento do contrato.

A Administración, os seus representantes e quen sexa delegado por estes, terán en todo momento libre acceso ás oficinas e instalacións do consultor, para a inspección e dirección da marcha dos traballos ou para recoller datos para o cumprimento ou seguimento do contrato. Todos os equipos, aplicacións, materiais empregados deberán ser contrastados polos servizos competentes, e deberán cambiarse se non se atopan en perfectas condicións.

2.2.2 FUNCÍONS DO DIRECTOR DO SERVIZO

As funcións do Director do servizo con respecto ao Consultor e ao persoal ao seu servizo, son as seguintes:

- Fixar os prazos para a execución dos diversos traballos comprendidos no Contrato que non estean definidos neste Prego, así como as datas para a execución de traballos que deban ser realizados en días determinados e, mesmo, as horas de realización cando sexa necesario.
- Establecer os criterios e a metodoloxía para a execución dos traballos, despois de estudadas as propostas que neste sentido faga o contratista, pero sen ter que atermos necesariamente a elas.
- Definir as prioridades de actuación en cada momento para o persoal integrante do contrato.
- Distribuír os medios, tanto humanos como materiais, necesarios para levar a cabo a correcta prestación do servizo contratado.
- Resolver calquera outra cuestión que sexa consecuencia do seu labor como Director do presente contrato e que, ao seu xuízo, sexa necesaria para o cumprimento dos seus fins.
- Convocar reunións periódicas ou ocasionais, cuxo contido se refira ao desenvolvemento e marcha dos traballos obxecto do contrato, cando así conveña.
- Propoñer as modificacións que conveña introducir no servizo.

2.2.3 FUNCÍONS DA DIRECCIÓN DO SERVIZO

Os membros da Dirección do servizo participarán das funcións do Director na medida en que foran delegadas por este ao amparo da cláusula 5ª do PCET.

2.2.4 FUNCÍONS DO CONSULTOR

O Consultor terá a función de desenvolver as prescricións do presente contrato. O Consultor deberá ter a iniciativa suficiente en todo momento para que ningunha acción ou trámite que forme parte do obxecto do contrato quede sen realizar. Así mesmo deberá facer o consultor os estudos e xestións oportunas para presentar inmediatamente ao Director a diagnose e a proposta de solución de cada problema relacionado co desenvolvemento dos traballos, propoñéndolle as medidas que fosen precisas para levar a cabo dita solución.





Durante o desenvolvemento dos traballos que forman parte do contrato, todas as relacións do contratista coa Administración faranse a través do Director ou das persoas en quen este delegue, de non expresarse noutro sentido o presente Prego.

A administración prestará as axudas técnicas ou administrativas que para o desenvolvemento da súa misión necesite.

O adxudicatario e no seu caso o Redactor do proxecto ou director de obra de referencia, está obrigado a asistir a todas as reunións técnicas convocadas por a Administración durante a execución do contrato.

Calquera dos informes de execución sobre os aspectos concretos que solicite o órgano de contratación deberá realizarse no prazo máximo dunha semana desde a súa solicitude, salvo que o órgano de contratación especifique un prazo diferente.

2.2.5 FUNCIÓNS DO DELEGADO DO CONSULTOR

O Delegado do Consultor, de acordo coa cláusula 6ª do PCET, ostenta a representación do Consultor cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza en todos os actos derivados do cumprimento das obrigacións contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do servizo; organiza e desenvolve a execución do servizo e interpreta e pon en práctica as ordes recibidas da Dirección do contrato. Así mesmo, propónlle ao Director, ou colabora con el, na resolución dos problemas que xurdan durante a execución dos traballos.

En consecuencia, o Delegado, como máximo responsable do Consultor, desenvolve todas as funcións mencionadas no apartado deste Prego que trata sobre as funcións daquel.

O Delegado deberá estar, salvo autorización expresa do Director, dispoñible ou, cando menos, localizable, en horario laboral, durante o prazo de execución do contrato. En caso contrario, deberá nomear a un substituto temporal, por prazo fixado, que deberá ser proposto ao Director do contrato ao que lle corresponde a súa aprobación, cando menos con 7 días de antelación ao comezo da súa ausencia.

2.2.6 FUNCIÓNS DO PERSOAL SUBALTERNO DO CONSULTOR

O redactor do proxecto é o axente que con suxeición á normativa técnica e urbanística correspondente, redacta o proxecto.

O director de obra é o axente da edificación que, formando parte da dirección facultativa, dirixe o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e ambientais, de conformidade co proxecto aprobado que a define, a licenza de edificación, as condicións do contrato e as demais autorizacións preceptivas.

O director de obra dirixirá as obras no seu conxunto, independentemente que os outros compoñentes da dirección facultativa teñan que asumir a responsabilidade inherente á parte de dirección que lles corresponda. Neste senso poderán dirixir as obras dos proxectos parciais outros técnicos, baixo a coordinación do director de obra.

2.3 RESPONSABILIDADES

De acordo ao recollido no Capítulo V referido ao contrato de servizos da LCSP establece:



2.3.1 DIRECTOR E DIRECCIÓN DO SERVIZO

O Director do servizo e os membros da Dirección, no marco das súas respectivas funcións, serán responsables das súas decisións e das omisións atribuíbles a eles. Non o serán, nin directa nin solidariamente, das consecuencias das accións ou omisións do Consultor, ou do seu persoal cando en exercicio das súas funcións, actuasen directamente. Tampouco serán responsables das consecuencias das accións tomadas en base a informacións fornecidas polo Consultor, se estas foran inexactas.

O Director do servizo e os membros da Dirección tampouco serán responsables, nin directa nin solidariamente do que, con plena responsabilidade técnica e legal, decida, controle, proxecte, informe ou calcule o Consultor, que deberá dispoñer para iso do persoal adecuado e coa titulación legal necesaria para a realización completa do traballo obxecto deste contrato.

2.3.2 CONSULTOR, DELEGADO E O RESTO DO SEU PERSOAL

O Consultor responderá, en primeiro lugar, do bo funcionamento e idoneidade das instalacións, equipos e materiais destinados á execución dos traballos.

As responsabilidades derivadas das accións do Consultor serán asumidas por el mesmo, ou polas persoas do seu persoal (Delegado ou persoal subalterno) en función das atribucións derivadas dos nomeamentos realizados de acordo coa cláusula 6ª do PCET. As penais entenderanse atribuídas ás persoas físicas que ostenten para as diversas cuestións a representación do Consultor que, ademais, será responsable subsidiario das accións do seu persoal relacionada co contrato.

O Consultor será responsable das decisións que tome pola súa iniciativa nas funcións encargadas pola Dirección establecidas neste Prego. E tamén eventualmente, das que tome, pola súa iniciativa, nas materias nas que non lle foron asignadas funcións executivas. Non o será, en cambio, das consecuencias derivadas das accións ou decisións do Director ou da Dirección do contrato alleas á súa organización, salvo que aquelas baseáranse nunha información errónea achegada polo Consultor ou polo seu persoal.

O Consultor será tamén responsable, enteiramente, da exactitude dos traballos, ensaios, comprobacións de medicións, cálculos, planos e prescricións realizados como parte dos traballos e, en xeral, dos resultados que lle proporcione á Administración.

Así mesmo, será responsable do honesto comportamento do seu persoal nas relacións de todo tipo, e moi especialmente coa Administración contratante ou con outras.

Nese sentido, o Consultor adoptará todas as medidas necesarias para que durante a execución dos traballos encomendados quede asegurada a protección a terceiros, sendo da súa total responsabilidade as indemnizacións polos danos e prexuízos a estes que puidesen ocasionarlle como consecuencia daqueles, se a teor das disposicións vixentes incorrese en culpabilidade.



3 MARCO NORMATIVO

Será de preceptivo o cumprimento de toda a normativa aplicable na materia obxecto do contrato, e en particular a seguinte:

Contratos

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto legislativo 1098/2001, de 5 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da LCAP.
- Decreto 3854/1970, de 31 de decembro, que aproba o Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado.

Urbanismo e ordenación do territorio

- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (LOT) e outra normativa complementaria.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA).
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, aprobadas mediante a Orde do 10 de outubro de 2019 (NNTTPP)

Proxecto e obras

- Normas de redacción de proxectos e dirección de obras, Decreto 462/1971, do 1 de marzo. Real decreto 129/1985, do 23 de xaneiro, que modifica o anterior.
- Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o seu regulamento.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- Real Decreto 314/2006, 17 de marzo, polo que aproba o Código Técnico da Edificación e as súas modificacións posteriores.
- Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da Subcontratación no Sector da Construción e o Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto, que a desenvolve.
- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 1627/1977, de 24 de outubro, que establece as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción.
- Accesibilidade: Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade





Autónoma de Galicia (DOG nº 41, do 29 de febreiro), así como dar cumprimento ao disposto na Lei 10/2014, de 3 decembro de accesibilidade e a demais lexislación vixente nesta materia.

- Lexislación específica sobre a materia obxecto do contrato de referencia.
- Lexislación técnica específica na materia obxecto do contrato.
- Lexislación vixente en Materia Ambiental.
- Lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Ademais terase en conta tamén:
 - Prego de Prescricións Técnicas.
 - Instrucións e criterios complementarios que durante a execución da obra, dite o órgano de contratación.





4 DESCRICIÓN DOS TRABALLOS A REALIZAR

4.1 ANTECEDENTES E OBOJECTIVO PRIORITARIO DA ACTUACIÓN

Os proxectos obxecto do contrato de servizos do presente prego definirán as características funcionais, formais, construtivas e económicas das obras necesarias para acadar a Ordenación do contorno do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (en diante CHUS).

O CHUS presta servizos, como centro de referencia, a toda a Área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, que comprende non só ao propio Concello de Santiago de Compostela, se non a un amplo número de concellos e comarcas da súa contorna. Esta circunstancia evidencia o seu carácter supramunicipal e xustifica a importancia dunha tramitación prioritaria.

A progresiva densificación dos usos edificatorios existentes na parcela na que se localiza o CHUS, unida á unha falta de previsión que se evidencia nuns accesos cada día mais insuficientes, así como a patente escaseza de aparcamento no ámbito, contrastan coa crecente afluencia de usuarios e traballadores ao complexo sanitario, o que produce un evidente colapso das circulacións, sobre todo en horas punta.

Aínda que a primeira medida necesaria sería dotar dun mellor servizo de transporte público urbano ao conxunto hospitalario, esta axuda non sería suficiente para solucionar os problemas causados polo elevado uso de vehículos particulares que acoden ao centro sanitario. Estes, ao non atopar estacionamento axeitado, obstrúen as vías internas da parcela hospitalaria: tanto na procura reiterada de prazas baleiras, como no uso incontrolado do espazo libre como aparcadoiro. A devandita situación, especialmente grave no horario matutino, afecta tanto a doentes e acompañantes como ao persoal sanitario e demais traballadores, que se achegan en condicións precarias ao conxunto de edificios sanitarios, cunha sucesión de espazos especialmente agresivos para todos os usuarios.

Polo tanto, faise imprescindible unha actuación global e coherente que ordene e recolla os vehículos que se achegan por vías de alta capacidade desde a contorna, mellorando ao mesmo tempo a integración do conxunto hospitalario no tecido urbano, cun espazo público de calidade que articule o conxunto de actuacións.

Con este obxectivo, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela asinaron con data 2 de agosto de 2024 un protocolo de colaboración polo que se estableceron as bases para a humanización, ordenación e mellora da accesibilidade do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, recollido no Anexo nº 6: Protocolo de colaboración Xunta de Galicia - Concello de Santiago de Compostela para a mellora da accesibilidade do CHUS.

Por outra banda, a Xunta de Galicia está a construír:

- Unha nova ampliación, con dous novos volumes: un ao suroeste do corpo norte do Complexo hospitalario cunha superficie construída de 31,126 m², e outro ao nordés do corpo sur cunha superficie construída de 5,290 m² (en azul no Anexo nº 4: Plano de emprazamento).
- O Centro de Protonterapia de Galicia, cunha superficie construída de 5.648 m² (en verde no Anexo nº 4: Plano de emprazamento)

E, ademais prevese o seu crecemento futuro mediante un novo volume de hospitalización ao norte de aproximadamente 3.180 m² en planta e 12 alturas (en vermello no devandito plano do Anexo nº 4).





4.1.1 ELEMENTOS DA ACTUACIÓN

Formularase unha actuación coordinada que respecte en todo momento a integridade e coherencia paisaxística e funcional dunha intervención de lectura cohesionada, de forma que cada un dos elementos propostos manteñan a gradación e particularidade necesaria dentro dunha linguaxe unitaria. Tantos nos propios edificios propostos e nos espazos intersticiais entre eles, como nos accesos, viarios e itinerarios peonís e rodados.

Visto o anterior, as actuacións que se propoñen, que para acadar ese obxectivo son as seguintes:

1. **Urbanización do conxunto.** Reformularase aqueles percorridos e ámbitos intermedios que permitan simplificar e racionalizar as circulacións internas ao espazo hospitalarios en espazos fluídos e libres do tránsito e estacionamento de vehículos.

Estudarse entre outros:

- **Eliminación do peche perimetral do CHUS:** Proponse a eliminación do actual peche perimetral que delimita a parcela do CHUS para mellorar a fluidez da conexión coa trama urbana e viaria. Isto permitiría expandir os límites do complexo, integrando mellor o equipamento coa súa contorna e mellorando a accesibilidade xeral.
- Será prioritario **introducir arboredo e vexetación** en todo o ámbito de actuación, valorando o seu impacto positivo tanto no aspecto ambiental como paisaxístico. A presenza de zonas verdes contribuirá tamén a mellorar o benestar dos usuarios, proporcionando un entorno máis humano e agradable, especialmente no contexto dunha área sanitaria.
- Especial atención require a **reordenación da urbanización do espazo libre conformado polo CHUS, o Hospital Gil Casares e o Centro de Protonterapia**. Resulta fundamental reforzar o carácter deste espazo como praza pública de estancia e acceso peonil. Este espazo concibirase como unha antesala ao acceso ao uso hospitalario, utilizando zonas verdes como elementos de amortecemento visual e acústico e incluso de estancia e lecer.

Isto sen prexuízo da súa funcionalidade, que contemplará o tránsito preferente dos vehículos sanitarios, do transporte público, así como o establecemento de zonas controladas para parada e descenso de doentes acompañados, prazas para persoas de mobilidade reducida ou de carga e descarga de subministracións.

2. **Reordenación dos viarios e accesos.** A proposta inclúe unha análise das diferentes procedencias dos usuarios que acceden ao complexo, tanto desde a trama urbana de Santiago como desde os concellos periurbanos. Neste sentido, sería conveniente establecer unha circulación perimetral á parcela hospitalaria, con vías dunha natureza específica para cada situación urbana. Así, separaríase aos usuarios con estancias medias ou prolongadas, que requiren aparcar e desprazarse posteriormente de xeito peonil, daqueles que precisan realizar unha parada rápida, ben emerxencias, ben para facilitar o acceso de doentes con mobilidade reducida ou para realizar tarefas de carga e descarga de mercadorías.

En cada caso, haberá de identificarse as infraestruturas verdes precisas para mitigar a alteración que produza a incorporación das novas infraestruturas e paliar o impacto no conxunto sanitario.

Esta estratexia viría acompañada de varias actuacións coordinadas que se amosan, de xeito orientativo no Anexo 5:

- **Creación dun novo vial de acceso ao noroeste do Complexo que une o Periférico e a Avda Mestre Mateo.** Proponse, de xeito aproximativo, a creación dun novo vial de acceso que conecte a infrautilizada Avda. do Mestre Mateo coa rotonda deprimida baixo o Periférico, a estrada AC-543. Esta rotonda presenta a día de hoxe un acceso precario ao hospital a través dun viario estreito e de forte pendente, mais propia dunha trama rural





que do acceso a un equipamento prioritario. Establecer esta nova vía, cunha cota lixeiramente inferior á da parcela hospitalaria, permitiría mellorar a capacidade de conexión entre os tráficos urbanos e periurbanos, e así devir en acceso preferente para o conxunto hospitalario. Ao tempo, deberá diversificar aqueles accesos rodados de maior prioridade, como emerxencias, dos de menor urxencia, de xeito que a partir de este eixo se conecten os distintos niveis e usos da parcela, liberando así o interior da mesma de circulacións innecesarias.

- **Mellora dos accesos rodados ao sur e sueste desde a Rúa da Choupana:** Cómpre unha mellora na operatividade dos accesos rodados propiamente urbanos, especialmente no nodo de conexión entre a Rúa da Choupana e a súa travesía, onde existe unha media rotonda que deberá rematarse para distribuír circulacións a partir dese punto. A intervención debe seguir o mesmo criterio de facilitar aos usuarios a localización de zonas de aparcamento próximas á parcela hospitalaria sen entrar nela. Neste sentido, a actual Rúa da Cantaleta, que da continuidade á Travesa da Choupana, debería conectar de maneira fluída co novo eixo proposto no punto anterior, considerando tamén a posibilidade de que este deveña en viario interior do complexo hospitalario se no futuro se destinan a usos sanitarios as parcelas situadas ao sur do mesmo.

Acompañando a este acceso prevese a continuidade dunha senda ciclista que conecta Milladoiro coa Estación Intermodal e que ten unha derivación que se achega ata este punto.

- **Conexión urbana co Avda de Barcelona.** Estas intervencións anteriores deberían minorar o caudal do tráfico rodado que acomete dende a Avda de Barcelona; aínda así sería interesante dende o punto de acceso canalizar os percorridos vehiculares a ambos lados:
 - Por un lado establecer unha conexión rodada de menor intensidade cara ao norte coa Avda do Mestre Mateo, pero que permita liberar tráficos e que peche esta circulación perimetral ao Complexo Hospitalarios polo menos nun sentido.
 - Ao sur conectar a Avda de Barcelona coa Rúa Cantaleta, a través do vial emprazado ao leste do Hospital Gil Casares, interpretada como unha vía de tráfico lento, case interna, e cun tratamento urbano que favoreza ao peón. Esta rúa debería vincularse a antedita senda ciclista que conecte o CHUS coa vía que une Milladoiro con San Caetano polo sur da cidade, o que permitirá un acceso seguro aos usuarios en bicicleta.

3. **Áreas de aparcamento perimetrais.** Para garantir o correcto funcionamento do sistema viario, é fundamental contar con áreas de aparcamento perimetrais ben situadas e con suficiente capacidade para atender a todos os usuarios. En cada un delas, cumprirá sempre, estudar de xeito particular como son as conexións peonís accesibles entre estes aparcamentos e o uso hospitalario.

Asemade é necesario facer unha estimación do número de prazas precisas. Sirve de base para esta previsión o *Estudo de Mobilidade e Aparcamento* elaborado polo Sergas no 2023, que se xunta na documentación anexa, no que atinxe exclusivamente ao CHUS, que sinala na contorna un déficit de 611. Na actualidade, coa previsión de ampliacións de edificios sanitarios en curso, poderíase incrementar esta necesidade a mais de 1.000 prazas.

Restringir o aparcamento a áreas concretas, mais alá das necesarias para mobilidade reducida, ou carga e descarga, mellorará enormemente a calidade espacial do ámbito.

Propónse analizar, entre outras as seguintes posibilidades

1. **Aparcamento A.** No límite noroeste do Complexo, existe hoxe unha área de aparcamento composta por unha superficie arborada no límite da parcela, e por outra cuberta, resolta en forxados alternos, e integrada na base do volume do Complexo hospitalario. Ao estar situada esta zona sobre un gran desnivel, permitiría a integración de varias plantas de





estacionamento, maiormente soterradas. Sería a zona identificada coa letra "A" no plano do Anexo nº 4.

Na procura de manter no posible as vistas e a ventilación dos corpos de hospitalización situados na súa traseira, haberá de compatibilizarse, esta futura ampliación hospitalaria de 12 plantas proposta polo Sergas, co novo aparcamento que se situará aos seus pes con maior extensión en superficie que o propio edificio. Para elo, podería ser precisa a demolición do aparcamento cuberto existente na actualidade.

Ao longo do desenvolvemento do contrato, facilitarase o plan funcional e o programa de espazos que require este uso sanitario.

2. **Aparcamento B.** Na zona suroeste do edificio principal, na área identificada coa letra "B" no plano anexo, onde agora se sitúa o heliporto e un aparcamento en superficie e xunto a outra nova ampliación prevista polo Sergas e identificada no plano anexo. O desnivel do terreo permitiría, do mesmo xeito, a integración dun aparcamento de varios andares graduados e parcialmente baixorrelevo. Este gradación suxire diversificar os accesos rodados, desde diferentes puntos e localizar, en niveis independente, zonas de aparcamento específicas para usos como urxencias situados na proximidade e a mesma altura. Na proposta que se formule avaliarase a compatibilidade deste aparcamento B co planeamento urbanístico vixente de modo que se poida traballar xa nun proxecto de execución e se poida anticipar esta mellora dotacional ás do resto de actuacións do PIA, tal e como se recolle no acordo asinado entre Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela.
3. Por último, aínda que fóra do ámbito de actuación deste proxecto, compre ter en conta que o Concello de Santiago propuxo para destinar a aparcamento unha parcela de titularidade municipal na Avda. do Mestre Mateo, próxima ao CHUS, e identificada coa letra "C" no plano. Nesta parcela podería construírse un aparcamento integrado no desnivel do terreo, que compartiría destino cos usos universitarios próximos; cunha estimación orientativa de 140 prazas por andar segundo o Concello, o que suporía 420 prazas en tres andares ou 560 en catro.
4. Con todo, para o correcto funcionamento da ordenación global, estímase que o estudo do ámbito permitirá localizar mais áreas de aparcamentos, ben en superficie ou ben construídas, que apoien ás anteriores `.

En todo caso, o adxudicatario poderá estudar e propor á Administración todas aquelas alternativas de funcionamento do ámbito que estime procedentes considerando un espazo de actuación mais amplo.

4.1.2 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Unha vez analizados estes requirimentos corresponde á documentación técnica de ordenación do ámbito concretar a **Delimitación do ámbito de actuación e ordenación do PIA** que comprenderá cando menos:

- As parcelas nas que se emprazan os dous hospitais e o Centro de Protonterapia.
- Os terreos ocupados polos viais perimetrais existentes e polos que, en función da solución adoptada no proxecto, resulten necesarios para o trazado dos novos viais de enlace e acceso.
- Os terreos que, en función da solución adoptada no proxecto, se estimen precisos para a ampliación das zonas destinadas a aparcadoiro, tanto en superficie coma baixo rasante ou en edificación en altura.





- Os terreos que, en función da solución adoptada no proxecto, se estimen idóneos para constituír unha reserva de solo dotacional para futuras necesidades de ampliación do complexo sanitario.

4.1.3 XENERALIDADES

Todas as propostas e actuación realizaranse de xeito coordinado o co Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Infraestruturas. Estas administracións poderán solicitar, en calquera momento, a introdución de modificacións na proposta de documentación técnica para ordenación do ámbito para adaptar a proposta ás necesidades funcionais, económicas, ou doutra índole, ou mesmo contemplar o seu acomodo ás variacións que, no seu caso, a definición doutros proxectos e obras na contorna do CHUS aconsellasen introducir na proposta inicial. Estas modificacións serán de obrigado cumprimento por parte do consultor.

A relación dos traballos a realizar figura no epígrafe 1.2 deste prego.

De xeito orientativo facilítase para a formulación destes traballos a documentación indicada no punto 9 deste PPTP.

4.2 METODOLOXÍA

Tódalas actuacións e incidencias pormenorizaranse minuciosamente nas reunións de coordinación que o Consultor deberá manter cos técnicos coordinadores nomeados pola Administración. O Consultor encargarse da xestión das reunións, incluíndo a súa loxística e preparación documental, redactando a convocatoria e tomando acta da mesmas.

O consultor encargarse de comprobar que os datos facilitados polo órgano de contratación para o desenvolvemento do traballo axústanse á realidade. Será responsabilidade do proxectista a inadecuación do proxectado á realidade por imprecisión dos datos iniciais.

A documentación base para a elaboración da oferta na que se fundamentará o obxecto do contrato é a descrita no punto 9 Anexos do Documento deste Prego, e que se anexa a el.

O Consultor manterá permanentemente actualizado un rexistro codificado de todo o proceso de toma de decisións para poder determinar a súa orixe, e documentar o proceso e a súa aprobación. Este rexistro estará a disposición en todo momento da Dirección do Servizo.

O Consultor deberá achegar a infraestrutura informática e de telecomunicacións necesaria para posibilitar o intercambio áxil de información electrónica coa Dirección do Servizo durante a duración dos traballos. Dita infraestrutura deberá garantir, en todo momento, a seguridade dos accesos, así como a integridade e privacidade da información compartida. As tecnoloxías de comunicación e de xestión da información empregadas polo consultor deberán ser compatibles cos sistemas informáticos da Administración, garantíndose, en todo momento, a usabilidade de calquera aplicación software, sitio web, etc., que vaia a ser empregado durante o desenvolvemento dos traballos.

O Consultor creará un repositorio documental en soporte informático de toda a documentación que se xere ao longo do contrato, que deberá estar permanentemente actualizada e ser accesible telematicamente por parte da Dirección do Servizo en todo momento. Tamén deberán ser accesibles telematicamente aquelas aplicacións informáticas que permitan realizar o seguimento dos traballos, incluíndo o control de calidade, orzamentario e do custo.



4.3 TRABALLOS PREVIOS

4.3.1 CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A información cartográfica e topográfica dispoñible das diversas fontes completarase con todos os traballos necesarios para deseñar con precisión os proxectos considerados no presente contrato. O consultor poderá ter en conta como cartografía de referencia a existente no Instituto de Estudos do Territorio (IET) ou no Xeoportal do Concello de Santiago de Compostela, admitíndose outras fontes alternativas de cartografía que resulten máis adecuadas aos fins dos proxectos, a xuízo do Director do Servizo. Esta cartografía base, por tanto, deberase adaptar ás necesidades concretas da actuación.

Para a topografía de detalle realizarase o levantamento topográfico preciso a escala suficiente para a redacción do Proxecto de Interese Autonómico e para a redacción do proxecto de urbanización, proxecto de infraestruturas necesarias, e proxectos de edificación, con toda a información precisa (arboredo, cursos de auga, edificacións, redes de servizos, parcelario aparente, etc). O alcance dos traballos e a realización do levantamento topográfico, realizado no ámbito afectado incluírá, como mínimo:

- colocación de bases de implantación.
- levantamento topográfico da zona.
- identificación dos posibles servizos afectados existentes.
- traballos de gabinete: planos do levantamento, recensión das bases de implantación e dos servizos afectados existentes.

En canto ao viario do ámbito e os seus accesos, os traballos realizaranse segundo as prescricións técnicas que se indican no Anexo sobre Cartografía e Topografía da Nota de Servizo 2/2010, da Subdirección Xeral de Proxectos da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento. O resultado final consistirá na realización dos seguintes traballos:

- replanteo do eixo e obtención do perfil lonxitudinal.
- obtención de perfís transversais.
- levantamentos taquimétricos a escalas 1/200 ou 1/500.
- traballos topográficos de campo complementarios.

Todos estes traballos poderán ser completados e/ou substituídos, no caso de que o grao de precisión de ambos sexan equiparables, pola información proporcionada polo sistema LIDAR.

A valoración dos traballos que en principio se contemplan realizar reflíctese no punto nº 7 (Orzamento do contrato) deste Prego. O Director do Servizo, á vista en das necesidades reais poderá limitar, refundir, simplificar ou suprimir algún dos anteriores traballos, sempre que os devanditos



traballos resultantes sexan suficientes para o seu propósito, e autorizar así mesmo tanto a realización de novos traballos como a supresión e modificación das cantidades previstas de cada un dos traballos previstos no punto nº 7.

4.3.2 XEOTECNIA

A información xeolóxica e xeotécnica dispoñible, completárase cos traballos necesarios para deseñar con precisión o movemento de terras e as cimentacións das estruturas dos proxectos.

Segundo a natureza das obras a deseñar e o tipo de estudo que se estea redactando, seleccionaranse os métodos de prospección, ensaios in situ, tomas de mostras e ensaios de laboratorio recomendados, segundo a Guía de Cimentacións en Obras de Estradas da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento. Respecto das edificacións proxectadas, no seu caso, o recoñecemento do terreo cumprirá o sinalado no CTE DB-SE-C.

Os traballos realizados deben dar como resultado a redacción dun informe xeotécnico que recolla toda a información resultante. A título orientativo, o informe xeotécnico poderá recoller (sempre en función das necesidades reais da actuación proxectada):

- Estudos xeolóxicos.
- Documentación sobre xacementos de materiais naturais (incluídos os da traza) e os ensaios efectuados sobre mostras obtidas durante o seu recoñecemento.
- Planos de planta e perfís lonxitudinais con indicación dos substratos xeolóxicos interceptados e a localización das prospeccións realizadas.
- Descrición das prospeccións realizadas:
 - Reportaxe fotográfica de todas as prospeccións realizadas.
 - Columnas obtidas en sondaxes e calicatas.
 - Gráficos das prospeccións sísmicas e eléctricas, no seu caso, en particular en desmorte, dos que se poida deducir a escavabilidade do material.
 - Diagramas obtidos nos ensaios de penetración.
- Ensaio de laboratorio sobre as mostras extraídas das prospeccións (identificación de materiais e agresividade ante formigóns, cando menos).
- Informe final sobre a xeotecnia do ámbito de actuación:
 - Cálculo da pendente dos noiros de desmorte e recheo.
 - Escavabilidade dos desmontes e porcentaxes de roca, tránsito e chan.
 - Saneos, condicións de drenaxe e cimentación dos recheos.
 - Niveis freáticos.
 - Coeficientes de paso.
- Documentación sobre investigacións do subsolo.
- Definición de parámetros xeotécnicos para o deseño de estruturas.
- Planta e perfil xeotécnico de cada estrutura, con identificación das prospeccións realizadas.

Todos os traballos anteriores realizaranse segundo as indicacións da Guía de Cimentacións en Obras de Estradas da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.





Respecto das edificacións proxectadas, no seu caso, o estudo xeotécnico cumprirá o sinalado no CTE DB-SE-C.

Os traballos para realizar que se consideran incluídos no contrato valóranse no punto 7 deste Prego. O responsable do contrato poderá autorizar tanto a realización de novos traballos como a supresión e modificación das cantidades previstas de cada un dos traballos previstos.

No caso de que sexa necesario realizar algún ensaio xeotécnico non incluído no presente prego, o Director do Servizo poderá autorizar a súa realización e abono, cando para iso se empregue o prezo establecido para ese ensaio no Cadro de Prezos da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

4.3.3 PATRIMONIO CULTURAL

A información dispoñible completarase con todos os traballos necesarios para minimizar a afección da actuación sobre o patrimonio cultural.

Os traballos a realizar serán os seguintes, de ser necesarios:

- Traballo de Gabinete:
 - Consulta dos catálogos de patrimonio cultural da Consellería de Cultura (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).
 - Establecemento das contornas de protección.
- Traballo de Campo:
 - Delimitación perimetral exacta das contornas de protección.
 - Localización dos elementos do patrimonio cultural non inventariados e/ou catalogados e delimitación dos xa coñecidos (inventariados e/ou catalogados).
 - Prospección arqueolóxica: recoñecemento visual do terreo, sen remoción de terras, encamiñada á detección de restos históricos ou paleontolóxicos.
 - No caso da detección de restos históricos ou paleontolóxicos, presentarase un proxecto de prospección arqueolóxica, que deberá estar asinado por un arqueólogo.
- Presentación da documentación
 - Grafado na cartografía do detalle dos ámbitos legais de protección (xa sexan específicos ou xenéricos).
 - Identificación de Impactos Culturais.
 - Catálogo dos elementos do patrimonio cultural afectados.
 - Cualificación de impactos de acordo coa lexislación vixente de avaliación ambiental (adaptada ao patrimonio cultural).
- Proposta de medidas correctoras: de sinalización, protección física, estudos valorativos, prospección intensiva,..., deberán ser valorados economicamente a efectos de que, no seu caso, se inclúa unha partida económica de carácter patrimonial no orzamento do proxecto.

4.3.4 ESTUDO DE MOBILIDADE NA CONTORNA.

O obxectivo principal do estudo será o de analizar o funcionamento actual da rede viaria na contorna do Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS), co fin de avaliar o comportamento actual da rede





viaria e anticipar os posibles efectos derivados da reordenación do viario que se propoña. Esta análise permitirá dispoñer dunha base técnica rigorosa para a toma de decisións en materia de planificación viaria e mobilidade.

Os traballos para desenvolver incluírán, en primeiro lugar, a construción dun modelo macroscópico de tráfico, que represente e calibre os fluxos de tráfico no ámbito de estudo. Para iso, a administración facilitará información procedente do Modelo de Transporte de Galicia neste ámbito.

Para o correcto axuste e calibración da zona do hospital, se desagregará a zonificación existente no modelo de transporte para este ámbito de tal forma que se diferencie unicamente a mobilidade do hospital do resto de desenvolvementos lindeiros. Isto permitirá actualizar a matriz de partida e a mobilidade na zona do hospital.

Esta información complementarase cos traballos de campo que se executarán expresamente para este estudo. Esta campaña permitirá rexistrar a intensidade, dirección e composición do tráfico (vehículos lixeiros e pesados) en varios puntos estratéxicos do ámbito, prestando especial atención aos accesos ao hospital e ás interseccións máis relevantes.

O modelo actualizado permitirá simular distintos escenarios de mobilidade, a situación actual e os diferentes escenarios futuros coas propostas de reordenación viaria que se expoñan. En cada caso calcularanse os niveis de servizo das principais vías, así como os cocientes de intensidade/capacidade, co fin de identificar situacións de conxestión ou déficit funcional.

Ademais, levará a cabo unha análise de microsimulación centrado nos períodos de maior carga circulatoria e naqueles elementos do viario que poidan verse especialmente afectados, o que permitirá avaliar con maior detalle as interseccións, glorietas e accesos nos distintos escenarios considerados, e servirá de base para a identificación de posibles medidas correctoras ou de mellora.

No estudo deberase incluír como mínimo:

- Recollida de datos e delimitación da área de estudo. Definición dos obxectivos do estudo e definición do conxunto de situacións futuras ou escenarios aos que debe darse resposta coas súas deficiencias e potencialidades.
- En función dos datos dispoñibles e analizados, comprenderá a elaboración dos modelos actuais e futuros e simulacións máis adecuados a empregar para tratar a toma de datos.
- Análise dos escenarios propostos cos resultados e coa proxección de ocupación.
- Avaliación das prazas de aparcamento existentes e das necesarias despois da execución da actuación.

4.4 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE ORDENACIÓN GLOBAL DO ÁMBITO

A finalidade desta documentación técnica de ordenación global do ámbito é a redacción de todos os documentos necesarios para definir as características funcionais, formais e económicas xerais do conxunto de actuacións obxecto do contrato, incluíndo no seu caso o viario e os accesos, a urbanización, a edificación dos aparcamentos ou dos edificios sanitarios que se estimen necesarios, a un nivel que permita a súa tramitación urbanística e ambiental, tamén incluída neste contrato.

Para elo é preciso que na documentación final se reflicta a seguinte documentación:

- en caso de que o proxecto de viario e accesos se inclúa no PIA, desenvolverase a nivel dun proxecto de trazado,





- a urbanización e a edificación dos aparcamentos asociada acadará o nivel de proxecto básico,
- con respecto aos usos sanitarios se resolverán as conexións que afecten á súa implantación nun anteproxecto,
- no caso de que sexa precisa a elaboración dun proxecto de demolición dalgún dos elementos do ámbito incluírase coa documentación necesaria.

Con todo, incluíranse todos aqueles espazos sobre os que se estime oportuno intervir.

A documentación deberá determinar en que posibles fases e subfases se poderán dividir os traballos para o seu posterior desenvolvemento cos proxectos de urbanización, edificación ou de viarios que se estimen oportunos. Cada unha das etapas de execución independente que se propoñan deberá referirse necesariamente a unha obra completa, entendendo por tales as que resulten susceptibles de ser entregadas ao uso xeral e específico. A división en fases ou subfases non implicará maior custo económico no contrato.

Na redacción desta documentación técnica deberán analizarse as cuestións recollidas no punto 4.1 Antecedentes e obxectivo prioritario da actuación, que deberán despois concretarse no proxecto de urbanización, proxecto de trazado ou construtivo dos viarios, ou proxectos básicos e de execución no caso da edificación:

A documentación técnica constará dos seguintes documentos:

MEMORIA:

- Memoria descriptiva e xustificativa
 - a) Axentes: promotor, proxectista, outros técnicos (farase referencia expresa ao contrato de redacción).
 - b) Información previa: antecedentes e condicionantes de partida, datos do emprazamento, da mobilidade viaria e peonil, contorna física e normativa urbanística, adecuación ao programa de necesidades, coa comparación das variacións que se teñan introducido ao respecto dese documento.
 - c) Descrición da ordenación:
 - Descrición xeral do ámbito de actuación, programa de necesidades, usos, relacións coa contorna (contorno inmediata, integración cultural, e inserción urbana e territorial).
 - Descrición xeral das instalacións provisionais que sexa necesario construír ou dispoñer para posibilitar a execución das obras.
 - Descrición xeral do conxunto de espazos públicos e viario, coordinación con outras infraestruturas existentes na contorna.
 - Descrición xeral dos criterios de sostibilidade a observar tanto na proposta como no proceso de execución das obras.
 - Descrición xeral dos criterios de accesibilidade e mellora da mobilidade alternativa para todos os usuarios do ámbito, incluídos os peóns; co estudo doutros medios de desprazamento tanto públicos (autobuses urbanos, taxis,...) como privados (bicicletas, monopatíns, etc...).
 - Descrición xeral das redes de servizos afectadas pola actuación e dos retranqueos que será necesario realizar. Definición do reforzo, ampliación ou modificación das redes de infraestruturas básicas fóra do ámbito da actuación en caso de ser necesario.
 - Identificación das fases de execución susceptibles de execución independente e das subfases máis significativas, incluíndo as que sexan necesarias para a preparación das obras.





- Respecto da edificación o contido mínimo do proxecto básico será o indicado no Anexo 1 da Parte I do CTE:
 - Descrición da xeometría do edificio, volume, superficies útiles e construídas, accesos e evacuación.
 - Cumprimento do indicado no anexo 1 da Parte I do CTE e outras normativas específicas, etc....
 - Descrición xeral dos parámetros que determinan as previsións técnicas a considerar no proxecto respecto ao sistema estrutural, o sistema de compartimentación, o sistema envolvente, o sistema de acabados, o sistema de acondicionamento ambiental e de servizos.
 - Memoria urbanística
 - Estudo de xestión de residuos.
- a) Especificacións do conxunto de espazos públicos, viario e accesos a nivel de proxecto de trazado:
 - Dimensionamento con respecto á mobilidade prevista: vehículo privado, transporte público, peóns e ciclistas.
 - Características do trazado, e xustificación do cumprimento da normativa.
 - Deseño global e previsións da iluminación, mobiliario, vexetación, integración na contorna con especificacións de drenaxe, firmes, servizos, estruturas...
- d) Especificacións dos servizos afectados:
 - Dimensionamento e características das acometidas necesarias para o funcionamento dos edificios existentes e proxectados.
 - Dimensionamento e características dos retranqueos das redes de servizos existentes.
 - Identificación, de ser o caso, da necesidade de afeccións a terceiros para a súa materialización.
 - Relación das comunicacións e xestións realizadas coas compañías ou administracións subministradoras e titulares dos servizos.
 - Identificación das fases de execución susceptibles de execución independente e das subfases máis significativas, incluíndo as que sexan necesarias para a preparación das obras.
- e) Xustificación da idoneidade do emprazamento proposto para os aparcadoiros, tanto en superficie como en edificio con tal uso, xustificando a suficiencia do número de prazas e a existencia de percorridos peonís accesibles, cómodos e seguros ata os distintos edificios do complexo sanitario. O documento técnico deberá contemplar un incremento mínimo de **1.000 prazas netas** respecto da situación actual, ou unha cantidade superior se así se desprende do estudo de mobilidade.
- f) Anexo de expropiacións.

Así mesmo, no caso de que como consecuencia das actuacións proxectadas existan novas afectacións e expropiacións de terreos e bens de titularidade privada, será preciso someter o documento elaborado ao trámite de información pública segundo os requisitos recolleitos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e na Lei de expropiación forzosa actualmente en vigor; para que os afectados poidan presentar cantas alegacións estimen convenientes. Como consecuencia deste trámite de información pública poderase solicitar ao adxudicatario do presente contrato a





elaboración dun documento específico resumo do proxecto, co contido mínimo que permita o seu sometemento á información pública.

No caso de ser así, o adxudicatario do presente contrato deberá elaborar o informe de resposta ás alegacións recibidas durante o devandito trámite, de modo que se analicen de maneira individualizada cada unha delas e se lles proporcione aos alegantes unha resposta fundamentada en relación á súa aceptación ou rexeitamento. Para a elaboración deste informe de resposta deberase seguir o modelo de informe proporcionado pola Área de Deseño de Infraestruturas da AXI.

g) Documentación complementaria:

- Programa estimado de traballos. Diagrama de barras con coordenada Y: capítulos con PEM; e coordenada X: meses numerados con PEM mensual e con PEM acumulado á orixe.
- Prazo de execución. Establecerase unha estimación do prazo de execución en semanas ou meses, atendendo á natureza e características da obra. Identificaranse nun cronograma as fases de execución susceptibles de execución independente e as subfases máis significativa.
- Previsión da alternativa de tráfico e aparcamentos durante a execución das obras.
- Estudo económico: o resumo xeral do orzamento por capítulos incluírase na memoria, con expresión do tanto por cento correspondente a cada un deles respecto do orzamento total e identificando as fases e subfases de execución.

PLANOS:

- A documentación conterá tantos planos como sexan necesarios para a definición das obras ao nivel esixido, e co grao de definición suficiente para servir da base á súa tramitación urbanística.

a) Planos xerais:

- Plano de situación: Referido ao planeamento vixente e ao documento para a tramitación urbanística, con referencia a puntos localizables e con indicación do norte xeográfico. Reflectirá a relación do contorno construído e do viario coa cidade e a súa contorna.
- Plano/s de emprazamento: Incluírá a seguinte información:
 - Situación dos edificios do CHUS, dos límites construídos, dos espazos verdes e do viario no ámbito.
 - Identificación das fases de actuación susceptibles de execución independente, e das subfases máis significativas, cunha estimación temporal da súa execución.
 - Ficha urbanística: coa indicación das determinacións do planeamento municipal vixente que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do proxecto de interese autonómico.
 - Levantamento topográfico do ámbito.
 - Posición e trazado das diferentes acometidas de servizos e redes de servizos afectados (saneamento, auga, electricidade, telefonía...).
 - Cotas do ámbito e rasantes da urbanización da contorna.
 - Accesos peonís.
 - Accesos e localización dos aparcamentos.

b) Planos do viario e de ordenación dos espazos públicos a nivel de proxecto de trazado:





- Plantas e perfís lonxitudinais, a escala min 1:500.
- Seccións tipo, á escala oportuna para a súa definición. Ata escala 1:100, no caso de estimarse necesario.
- Outros elementos (estruturas, drenaxe, interseccións, enlaces, etc...).

c) Planos de arquitectura de acordo ao establecido no Anexo 1 da Parte I do CTE:

- Planos de situación, emprazamento e urbanización.
 - Plantas xerais: Distribución de mobiliario e equipamento, superficie útil de cada local, superficie útil e construída de cada planta, denominación e uso de locais, cotas de nivel de cada planta.
 - Plantas de demolición
 - Planta de Cubertas: Con definición de pendentes, recollida de augas, xuntas de dilatación, elementos de ventilación, climatización...antena, lucernarios, acceso a cuberta, etc
 - Seccións Xerais máis representativas: As seccións serán suficientes en número para a completa definición do edificio, e serán realizadas polas zonas de maior transcendencia para a perfecta comprensión espacial do edificio. Incluirán cotas do terreo e cotas en altura das plantas.
 - Alzados: Os alzados definirán a totalidade dos paramentos exteriores, mesmo patios no caso de existir. Representarase correctamente os desniveis do terreo e incluirán cotas en altura das plantas.
 - Planos do proxecto de demolición, no caso de que sexa preciso co estado actual, demolicións, estado final e intervencións
- b) Planos de distribución alternativa do tráfico e dos aparcamentos durante a execución das obras.
- c) Todos aqueles planos que os redactores do proxecto estimen necesarios para a comprensión da proposta.

4.5 DOCUMENTOS PARA A TRAMITACIÓN AMBIENTAL E URBANÍSTICA

4.5.1 DOCUMENTO AMBIENTAL

A tramitación ambiental será a determinada polo órgano ambiental. En calquera caso, e dado que se prevé a modificación do planeamento municipal ben a través dos instrumentos da LOTG ou ben da Lei 3/2016, será necesario realizar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica, para despois consultar a procedencia da realización a avaliación ambiental do proxecto, que se prevé que poida ser simplificada conforme ao artigo 55 da LOTG.

O Consultor dará asistencia á Dirección do Contrato durante os procedementos ambientais, ata a resolución dos mesmos. Durante este período, o Consultor deberá atender as posibles peticións do órgano substantivo e/ou ambiental de adecuación da documentación ambiental, modificando e/ou ampliando aquelas partes que se soliciten, así como elaborando cantos documentos sexan necesarios para tales fins.



Se o órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas realizadas resolvese mediante a emisión do informe de impacto ambiental que o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, por ter efectos significativos sobre o medio ambiente, a redacción do Estudo de Impacto Ambiental e a asistencia técnica ata a resolución do procedemento considéranse igualmente, incluídos no alcance deste contrato de Servizo.

Avaliación ambiental estratéxica

O documento para Avaliación Ambiental Estratéxica incorporará toda a documentación necesaria para a tramitación, en cumprimento da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co establecido na devandita lei, elaborárase a seguinte documentación:

- Estudo ambiental estratéxico (EAE) ou no seu caso, o documento ambiental estratéxico. O EAE desenvolverá o contido do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico para a Avaliación ambiental Estratéxica elaborado polo órgano ambiental. Este documento conterá como mínimo a documentación sinalada no anexo IV da citada Lei 21/2013, así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a súa calidade.

Incorporará ademais as directrices establecidas no Documento de Referencia emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, describindo e avaliando os probables efectos significativos sobre o medio.

- Documento de información e consultas.
- Proposta definitiva do Plan ou Programa. Tomaranse en consideración os condicionantes da Memoria Ambiental emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Avaliación ambiental do proxecto

Previse que a tramitación ambiental do proxecto se realice a través do procedemento de avaliación ambiental simplificada. Para elo elaborárase un Documento ambiental de acordo co previsto no artigo 45 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Para formulación do PIA e de acordo co establecido no artigo 55 da LOTG elaborárase un **Documento inicial estratéxico** que conterá, como mínimo a documentación recollida no artigo 29 da Lei 21/2013 así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a súa calidade.

4.5.2 DOCUMENTO PARA TRAMITACIÓN URBANÍSTICA (PIA)

Realizarase a tramitación urbanística como Proxecto de Interese Autonómico (PIA) de acordo coa Lei 1/2021, de 8 de xaneiro de Ordenación do Territorio de Galicia (LOTG).

O Consultor elaborará os seguintes documentos:

- **Proposta de actuación** para a **Declaración de Interese Autonómico**, co contido que figura no artigo 41 e seguintes da LOTG.





- **Proxecto de Interese Autonómico (PIA)** nas súas distintas fases: **borrador** (para presentar coa solicitude de trámite ambiental, detallado ao nivel do anteprojecto), **versión inicial** e **proposta final**; co contido e a documentación descritos nos artigos 44 e 45 da antedita LOTG

Incluirase unha descrición física e xurídica individualizada dos bens e dereitos que poidan verse afectados polo Proxecto, co fin de que o Consello da Xunta de Galicia poda acordar a declaración de utilidade pública e interese social das obras, instalacións e servizos previstos, así como a necesidade de ocupación para efectos de expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da actuación, e calquera outra documentación ou proxecto esixible para o efectivo trámite da expropiación que fose necesario.

No documento para tramitación urbanística incluíranse, no seu caso, os aparcamentos disuasorios que se identificaran na contorna como complemento á dispoñibilidade de prazas de aparcamento das que dispoña o propio Complexo Hospitalario.

No proxecto constarán as determinacións do planeamento municipal que resultarán modificadas conxuntamente coa aprobación do PIA. En particular no PIA figurarán as Ordenanzas reguladoras que resultarán de aplicación ao solo dotacional que o PIA estime convinte reservar para futuras ampliacións do complexo.

O consultor deberá prestar apoio na elaboración, resposta e resolución do procedemento de información pública, no marco da tramitación urbanística e a efectos expropiatorios e ambientais.

4.6 REDACCIÓN DOS PROXECTOS

Como parte de cada un dos proxectos que se redacten, achegarase unha ficha descritiva das actuacións obxecto do estudo, escrita en galego, en soporte papel (formato UNE tipo A-4) e en formato dixital. Nesta ficha recolléranse os datos básicos para a definición da actuación, segundo o modelo recollido no Anexo nº1 do presente Prego. A versión definitiva da ficha descritiva deberá redactarse unha vez que estea formalizada a versión definitiva de cada proxecto, que incluírá todas as modificacións derivadas da supervisión do mesmo

Redactarase un proxecto para cada unha das fases que se identifiquen no anteprojecto, incluíndo as fases de actuacións previas necesaria para preparar o inicio das obras principais. O feito da subdivisión en fases ou o número de fases supoña un incremento do importe de redacción dos proxectos.

4.6.1 PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE VIARIO E ACCESOS

O proxecto de construción de viario e accesos desenvolverá a nivel construtivo a solución que se aprobe no documento para a tramitación urbanística.

O proxecto de construción contará cos seguintes documentos e co seguinte contido resumido (no caso de que algún dos documentos aquí detallados no sexa procedente por non ser de aplicación na redacción do presente proxecto construtivo, non se incluírá na edición do dito proxecto):

- Documento nº1: Memoria e Anejos:
 - Memoria Descritiva. A memoria do proxecto deberá redactarse en galego e castelán.





- Memoria Xustificativa / Anejos:
 - Antecedentes Técnicos e Administrativos.
 - Antecedentes técnicos.
 - Antecedentes administrativos.
 - Cartografía, Topografía e Replanteo.
 - Xeoloxía e Xeotecnia.
 - Xeoloxía e procedencia dos materiais.
 - Campaña xeotécnica.
 - Xeotecnia para a cimentación das estruturas.
 - Efectos Sísmicos.
 - Climatoloxía e Hidroloxía.
 - Reformulo Urbanístico.
 - Tráfico.
 - Trazado.
 - Movemento de Terras.
 - Firms e Pavimentos.
 - Estudo da chaira.
 - Selección do paquete de firme.
 - Drenaxe:
 - Drenaxe lonxitudinal.
 - Drenaxe transversal.
 - Drenaxe subterránea e profunda.
 - Comprobación hidráulica de viadutos.
 - Comprobación da drenaxe existente.
 - Estruturas.
 - Solucións ao Tráfico durante as Obras.
 - Sinalización, Balizamento e Defensas.
 - Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística.
 - Cumprimento das determinacións derivadas da tramitación ambiental.
 - Medidas Correctoras.
 - Estudo de Impacto e Integración Paisaxística.
 - Plan de Vixilancia Ambiental.
 - Estudo de Patrimonio Cultural.
 - Programa de Seguimento Arqueolóxico.
 - Obras Complementarias.
 - Proxecto de Xestión de Residuos.
 - Estudo de Seguridade e Saúde.
 - Coordinación con Outros Organismos e Servizos.
 - Reposición de Servizos.
 - Plan de Obra.
 - Clasificación do Contratista.





- Xustificación de Prezos.
 - Orzamento para Coñecemento da Administración.
 - Fórmula de Revisión de Prezos.
 - Valoración de Ensaíos.
 - Seguridade Viaria.
 - Manual de Conservación e Mantemento.
- Documento nº2: Planos:
 - Situación.
 - Estado Actual e Reformulo.
 - Planta Xeral de Conxunto e de Distribución de Follas.
 - Planta de Trazado.
 - Perfís Lonxitudinais.
 - Seccións Tipo.
 - Perfís Transversais.
 - Detalles de replanteo.
 - Drenaxe:
 - Planta de Drenaxe.
 - Obras de Drenaxe Transversal.
 - Detalles de Drenaxe.
 - Estruturas.
 - Sinalización, Balizamento e Defensas.
 - Planta de Sinalización.
 - Detalles de Sinalización.
 - Planta de Balizamento e Defensas.
 - Detalles de Balizamento e Defensas.
 - Sinalización Exterior.
 - Reposición de Servizos.
 - Ordenación Ecolóxica, Estética e Paisaxística.
 - Obras Complementarias.
- Documento nº3: Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- Documento nº4: Orzamento:
 - Medicións:
 - Medicións Auxiliares.
 - Medicións Xerais.
 - Cadro de Prezos Nº1.
 - Cadro de Prezos Nº2.
 - Orzamentos:
 - Orzamentos Parciais.
 - Resumo de Capítulos.
 - Orzamento de Execución Material.
 - Orzamento Base de Licitación.
 - Análise do Orzamento.





Cando, pola natureza das obras para proxectar, algún dos documentos anteriores poida ser simplificado, refundido ou mesmo suprimido, o Director poderá autorizar tal modificación, sempre que a documentación resultante sexa suficiente para definir, valorar e executar as obras que comprenda.

O Proxecto de Xestión de Residuos e o Estudo de Seguridade e Saúde reproducirán, na súa estrutura interna, o esquema xeral do proxecto de construción, coa súa estruturación en catro documentos: Memoria (cos Anexos necesarios), Planos, Prego de Prescricións Técnicas Particulares e Orzamento.

A ficha descritiva da actuación deberase elaborar segundo o esquema definido no Anexo nº3 que se adxunta ao presente Prego. A ficha descritiva definitiva presentarse por medios telemáticos, unha vez que o proxecto construtivo sen aprobe, de modo que recolla todas modificacións do proxecto resultado das revisións realizadas por parte da Administración. A presentación desta ficha descritiva será requisito imprescindible para a facultade de emisión e cobro da certificación final do proxecto.

Os documentos que compoñen o proxecto de construción redactaranse segundo as Recomendacións para a Redacción dos Estudos de Estradas / Proxecto de Construción da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento e segundo as Instrucións para a Redacción de Proxectos IRP-E-04, IRP-D-00, IRP-D-01, IRP-D-02, IRP-D-03, IRP-D-04, IRP-X-01 e IRP-X-02 da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, que se poderán obterse na seguinte páxina web:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/es/estradas/criterios-redacion-proxectos>

4.6.2 PROXECTO DE URBANIZACIÓN

O proxecto de urbanización deberá contar con todos os elementos que permitan desenvolver o ámbito completo de actuación descrito no documento para a tramitación urbanística de acordo ao artigo 225 do DECRETO 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Sobre este Proxecto recaen as labores de coordinación paisaxística e ambiental de todo o ámbito para que a actuación sexa coherente e unitaria.

O Consultor deberá redactar de forma separada:

1. As actuacións de dotación á parcela obxecto de actuación das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, iluminación, telefonía, etc. Nas condicións precisas de acordo coa demanda que a execución destas actuacións fagan precisos e partindo das infraestruturas existentes establecendo os novos trazados necesarios para a conexión, reforzo ou ampliación dos servizos e infraestruturas.
2. As actuacións de urbanización que inclúan as infraestruturas interiores que, dentro da parcela obxecto de actuación, sexan necesarias de acordo ao documento para a tramitación urbanística para a organización e funcionamento do complexo hospitalario.

4.6.3 PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE EDIFICACIÓN

O proxecto de edificación definirá as características funcionais, formais, construtivas e económicas das obras de edificación, reforma e/ou ampliación que se estimen necesarias.





O proxecto de execución realizarase de acordo coas disposicións da Parte I do Código Técnico da Edificación (CTE) e o seu Anexo I, "Contido do proxecto", que vén a explicar a xeneralidade da documentación necesaria en todos os proxectos, e que debe completarse coas especificacións contempladas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) e, subsidiariamente, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCSP), á hora de confeccionar o orzamento.

A redacción de documentos que se indica ten un carácter non exhaustivo, algúns deles non aplicará, dada a natureza da obra, e ademais, poderá ser exixible calquera outro que sexa necesario para a completa definición da obra ou para a obtención das correspondentes licenzas e autorizacións.

Calquera modificación que sexa necesario realizar no proxecto como consecuencia das actuacións públicas previas ao inicio do expediente de contratación das obras (trámites de información pública, licenzas, permisos oficiais, consultas administrativas, medioambientais, sectoriais, urbanísticas e calquera outra) que resulte necesaria para a aprobación do proxecto nas condicións axeitadas e asegurando a súa viabilidade tanto técnica como administrativa e construtiva, considerase incluída no prezo do contrato.

O adxudicatario deberá facilitar ao responsable do contrato, cando este o requira, todos os datos, cálculos, procesos e material bibliográfico que, non constando nos documentos do proxecto, houbese sido empregado na súa elaboración.

Incluirá, ademais dos proxectos das obras de arquitectura, os proxectos de todas e cada unha das instalacións previstas e necesarias, redactados polos técnicos competentes en cada materia, de acordo coas condicións formais, técnicas ou de outra índole que esixa o órgano de contratación e a lexislación vixente.

4.6.3.1.1 MEMORIA

Incorporarase á memoria, e situado en primeiro lugar, unha Folla de firmas segundo modelo facilitado pola Axencia Galega de infraestruturas e incluído no Anexo 1 deste Prego.

Na entrega final do proxecto, de presentarse a documentación escrita en castelán, deberá incorporarse unha copia en galego da Memoria descritiva do proxecto.

4.6.3.1.2 MEMORIA DESCRIPTIVA

- 1.1.1. AXENTES:
 - Promotor
 - Proxectista
 - Outros técnicos (instalacións, xeoloxía, arquitectura técnica....)
- 1.1.2. INFORMACIÓN PREVIA:
 - Emprazamento
 - Entorno físico
 - Condicionantes de partida
 - Normativa urbanística
 - Outras normativas
 - Reforma/rehabilitación: datos/informes do edificio
- 1.1.3. DESCRICIÓN DO PROXECTO:
 - Descrición xeral do edificio





Programa de necesidades. No seu caso, incluírá unha xustificación do cumprimento do programa de espazos asociado ao plan funcional do PPTP sinalando as posibles modificacións ao respecto.

Uso característico e outros usos

Superficie útil e construída. No seu caso, incluírá un cadro comparativo do Programa de espazos do PPTP e o proxecto.

Relación ca contorna

Cumprimento do CTE

Cumprimento da normativa urbanística (Idem Proxecto Básico)

Xeometría e volume do edificio

Accesos e evacuación

Descrición xeral sobre parámetros do sistema estrutural (cimentación, estrutura portante e horizontal), compartimentación, envolvente, acabados, instalacións, acondicionamento ambiental e servizos

1.1.4. PRESTACIÓNS DO EDIFICIO:

- Por requisitos básicos e en relación coas esixencias básicas do CTE. Indicaranse en particular as acordadas entre promotor e proxectista que superen os limiares establecidos no CTE.
- Estableceranse as limitacións de uso do edificio no seu conxunto e de cada unha das súas dependencias e instalacións.

4.6.3.1.3 MEMORIA CONSTRUTIVA

1.2.1. SUSTENTACIÓN DO EDIFICIO :

Xustificación das características do solo

Parámetros de cálculo da cimentación

1.2.2. SISTEMA ESTRUCTURAL (cimentación, estrutura portante e horizontal):

Datos e hipótese de partida

Programa de necesidades (requisitos básicos de deseño estrutural)

Informe de avaliación estrutural do edificio existente

Medidas correctivas

Bases e métodos de cálculo da estrutura

Características dos materiais

1.2.3. SISTEMA ENVOLVENTE:

Definición construtiva dos subsistemas da envolvente do edificio

Comportamento e bases de cálculo fronte ao peso propio, vento, sismo, lume, uso, evacuación de augas, humidade e illamento acústico

Illamento térmico de todos os subsistemas

Demanda enerxética máxima prevista para verán/inverno

Eficiencia enerxética

1.2.4. SISTEMAS DE COMPARTIMENTACIÓN:

Definir sistemas de compartimentación

Comportamento fronte ao lume e illamento acústico

Outras características que sexan esixibles, no seu caso

1.2.5. SISTEMAS DE ACABADOS:

Características de acabados e paramentos e solos para cumprir requisitos de funcionalidade, seguridade e habitabilidade





1.2.6. SISTEMAS DE ACONDICIONAMENTO E INSTALACIÓNS:

Datos, obxectivos, prestacións e bases de cálculo das instalacións e equipos que forman parte do edificio: protección contra incendios, anti-intrusión, pararraios, electricidade, alumeado, ascensores, transporte, fontanería, evacuación sólidos e líquidos, ventilación, telecomunicacións, instalacións térmicas do edificio e o seu rendemento enerxético, subministro combustibles, aforro de enerxía, enerxía solar térmica ou fotovoltaica, outras enerxías renovables.

O adxudicatario deberá solicitarlles ao concello e ás empresas de subministración cantos datos precise para asegurar a viabilidade do proxecto, no que se refire a servizos afectados, dotacións e infraestruturas, e indicará se é preciso completar ou reforzar algún deles. Nese caso, o custo deberá incluírse necesariamente no orzamento da obra.

1.2.7. EQUIPAMENTO:

Definición de aseos, equipamento industrial, etc.

4.6.3.1.4 CUMPRIMENTO DO CTE

Aqueles proxectos que nalgúns dos seus puntos non se vexan afectados por algún DB, xustificarán a súa non aplicabilidade en base ás consideracións especificadas no ámbito de aplicación de cada un deles.

1.3.1. SEGURIDADE ESTRUTURAL DB-SE

DB-SE AE Seguridade estrutural accións na edificación

DB-SE C Seguridade estrutural cimentos

DB-SE A Seguridade estrutural aceiro/ DB-SE F Seguridade estrutural fábrica/

DB-SE M Seguridade estrutural madeira / RD 470/2021, de 29 de xuño, polo que se aproba o Código Estrutural (en adiante CE), segundo proceda

1.3.2. SEGURIDADE NO CASO DE INCENDIO DB-SI

SI-1 Propagación interior

SI-2 Propagación exterior

SI-3 Evacuación de ocupantes

SI-4 Instalacións de protección contra incendios

SI-5 Intervención dos bombeiros

SI-6 Resistencia ao lume da estrutura

1.3.3. SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DB-SUA

SUA-1 Seguridade fronte ao risco de caídas

SUA-2 Seguridade fronte ao risco de impacto ou atrapamento

SUA-3 Seguridade fronte ao risco de aprisionamento

SUA-4 Seguridade fronte ao risco causado por iluminación inadecuada

SUA-5 Seguridade fronte ao risco causado por situacións con alta ocupación

SUA-6 Seguridade fronte ao risco de afogamento

SUA-7 Seguridade fronte ao risco causado por vehículos en movemento

SUA-8 Seguridade fonte ao risco causado pola acción do raio

SUA-9 Accesibilidade

1.3.4. SALUBRIDADE DB-HS

HS-1 Protección fronte á humidade

HS-2 Recollida e evacuación de residuos

HS-3 Calidade do aire interior (segundo o RITE)





HS-4 Subministro de auga
HS-5 Evacuación de augas
HS-6 Protección fronte á exposición ao radón

1.3.5. PROTECCIÓN FRONTE AO RUÍDO DB-HR

1.3.6 AFORRO DE ENERXÍA DB-HE

HE-0 Limitación do consumo enerxético
HE-1 Condicións para o control da demanda enerxética
HE-2 Condicións das instalacións térmicas (RITE)
HE-3 Condicións das instalacións de iluminación
HE-4 Contribución mínima de enerxía renovable para cubrir a demanda de auga quente sanitaria
HE-5 Xeración mínima de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables.
HE-6 Dotacións mínimas para a infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos

4.6.3.1.5 CUMPRIMENTO DOUTROS REGULAMENTOS E DISPOSICIÓNS

Aqueles proxectos que nalgúns dos seus puntos non se vexan afectados por algún regulamento, xustificarán a súa non aplicabilidade en base ás consideracións especificadas no ámbito de aplicación de cada un deles.

- 1.4.1 ACCESIBILIDADE
 - Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na C.A. de Galicia, no que non se poñan a seguinte Orde:
 - Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se aproba documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
 - Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
- 1.4.2. RESIDUOS: Estudo de xestión de residuos de construción de demolición, conforme á:
 - RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición
 - Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
 - Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
- 1.4.3. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA:
 - Decreto 106/2015 do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia
 - Orde de 26 de novembro de 2018 pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia
- 1.4.4. EFICIENCIA ENERXÉTICA: Presentación do Certificado de eficiencia enerxética do proxecto segundo:
 - RD 309/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios
 - Decreto 128/2016 polo que se regula a certificación enerxética de edificios na comunidade autónoma de Galicia
- 1.4.5. IMPACTO AMBIENTAL:





- Lei 21/2013 de avaliación ambiental
- No seu caso, Decreto 133/2008, do 2 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.4.6. LUGARES DE TRABALLO:
 - RD 486/1997 polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo
- 1.4.7. TELECOMUNICACIÓNS:
 - RD Lei 1/98 de telecomunicacións en instalacións comúns

En ningún caso poderán servir as normas contidas neste prego para xustificar a omisión de estudos ou descrições que segundo a lexislación vixente deban integrar a documentación do proxecto, ou que veñan esixidos polas características específicas da obra.

4.6.3.1.6 ANEXOS Á MEMORIA

- 1.5.1 Ficha breve descritiva do proxecto segundo o modelo da Axencia Galega de Infraestruturas recollida no Anexo 1 do Prego.
A ficha descritiva deberá redactarse unha vez que estea formalizada a versión definitiva de cada proxecto e incluírá todas as modificacións derivadas da súa supervisión.
- 1.5.2 Información xeotécnica.
O adxudicatario do contrato asumirá o custo dos estudos e información xeotécnica necesarios.
- 1.5.3. Cálculo da estrutura ou Informe da capacidade portante e a aptitude ao servizo dunha estrutura existente segundo o CE.
- 1.5.4 Protección contra incendios.
- 1.5.5 Proxecto de Instalación comunicacións (PIC) (voz e datos), segundo prescricións de Amtega, segundo o disposto no Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia. e na Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións aprobada na orde do 19 de setembro de 2016 publicada no DOG núm.182 do 23 de setembro do 2016.
Entregárase a totalidade do PIC nun arquivo independente para a súa avaliación.
- 1.5.6 Instalacións do edificio.
- 1.5.7 Estudo de impacto ambiental, se é o caso.
- 1.5.8 Plan de control de calidade.
Decreto 232/1993, do 30 de setembro, polo que se regula o control de calidade na edificación na comunidade Autónoma de Galicia.
- 1.5.9 Estudo, ou no seu caso, Estudo básico de Seguridade e Saúde.
- 1.5.10 Declaración de obra completa
- 1.5.11 Acta de implantación previa. Viabilidade xeométrica e técnica do proxecto.
- 1.5.12 Un programa de traballos ou plan de obra con previsión de tempo e custo. Isto é: Diagrama de barras con coordenada Y: capítulos con PEM; e coordenada X: meses numerados con PEM mensual e con PEM acumulado á orixe.
- 1.5.13 Prazo de execución.
- 1.5.14 Categoría do contrato.
- 1.5.15 Clasificación do contratista.
- 1.5.16 orzamento para o coñecemento da Administración, obtido pola suma do orzamento das obras e o importe previsible das expropiacións necesarias e o





- restablecemento de servizos, dereitos reais e servidumes, no seu caso (art. 127 RLCSP)
- 1.5.17 Anexo de revisión de prezos, no seu caso.
 - 1.5.18 Boletín estatístico da edificación.
 - 1.5.19 Xustificación de prezos de proxecto, segundo art.127 do RLCSP.
Xustificación de prezos e bases para a valoración, tipos de custos directos e indirectos considerados; relación de prezos básicos, auxiliares e unitarios descompostos.
 - 1.5.20 Plan de mantemento. Incorporar as previsións do CTE e do Código Estrutural.
 - 1.5.21 Relación de normativa de obrigado cumprimento

O contido da versión final do proxecto incluírá toda aquela documentación que sexa requirida pola Axencia Galega de Infraestruturas, inclusive durante a fase de supervisión do proxecto.

4.6.3.1.7 PLANOS

- 2.1. SITUACIÓN (referido ao planeamento vixente, con puntos localizables e norte xeográfico).
- 2.2. EMPRAZAMENTO (xustificación urbanística, aliñacións, recuados, etc).
- 2.3. URBANIZACIÓN (rede viaria, acometidas, etc).
- 2.4. PLANTAS XERAIS (acoutadas, con escala, uso, mobiliario, superficies útiles e construídas, etc).
- 2.5. PLANTAS DO ESTADO ACTUAL (en obras de reforma e/ou ampliacións).
- 2.6. PLANTAS DE DEMOLICIÓN (en obras de reforma e/ou ampliación).
- 2.7. PLANOS DE ACABADOS (solo, teito, parede, tabiquerías).
- 2.8. PLANTAS DE TEITOS (despeces de falsos teitos, altura libre, posición de luminarias, detectores, difusores e réxollas de climatización, etc).
- 2.9. CUBERTAS (pendentes, baixantes, sistemas de recollida de augas, etc).
- 2.10. ALZADOS E SECCIÓNS (acoutados, con escala, cotas parciais e totais).
- 2.11. ESTRUTURA (cotas, sistema, tipos, cimentación, estrutura portante e horizontal con cadros de características de materiais, etc).
- 2.12. INSTALACIÓNS (cotas, esquemas de principio, detalles, seccións, redes, tipos e material).
- 2.13. DETALLES CONSTRUTIVOS que permitan unha correcta execución da obra.
- 2.14. MEMORIAS GRÁFICAS (carpinterías, cerraxería, etc).
- 2.15. PLANOS DO CUMPRIMENTO DO DB-SI.
- 2.16. PLANOS DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A efectos de comunicación, entregaranse imaxes infográficas representativas do proxecto.

4.6.3.1.8 PREGO DE CONDICIÓN

Este documento recollerá unicamente condicións de tipo técnico, absténdose de considerar prescricións de índole facultativo, administrativo, económico e legal para evitar reiteracións ou contradicións co Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e cos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a adxudicación.





- 3.1. PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS XERAIS.
- 3.2. PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES:
 - Prescritións sobre materiais.
 - Prescritións á execución de unidades de obra.
 - Prescritións sobre verificacións no edificio terminado.
 - Orde de prelación entre os distintos documentos do proxecto para casos de contradicións.

4.6.3.1.9 MEDICIÓN E ORZAMENTO

- 4.1. MEDICIÓN: Desenvolvemento por partidas e agrupadas en capítulos.
- 4.2. CADRO DE PREZOS Nº1: Segundo o art. 122.3 do RLCSP e no anexo I do CTE.
- 4.3. CADRO DE PREZOS Nº2: Idem.
- 4.4. ORZAMENTO POR PARTIDAS: Medición de cada partida polo seu prezo.
- 4.5. RESUMO DE ORZAMENTO POR CAPÍTULOS.

O orzamento incluíra un resumo do orzamento con aplicación do 13% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial, e a porcentaxe do orzamento por cada capítulo, con pé de firma do arquitecto redactor do proxecto. O orzamento total denomínase segundo a lei de contratos "Orzamento base de licitación".

Inclúranse os capítulos de Seguridade e Saúde e de Xestión de residuos.

No seu caso, inclúranse os capítulos correspondentes ao Total de expropiacións, Orzamento de Servizos Afectados, Orzamento de Control e seguimento ambiental e Orzamento de control e seguimento arqueolóxico.

Segundo o (art. 127 RLCSP), denominárase "Orzamento para o coñecemento da Administración", ao obtido pola suma do orzamento das obras e o importe previsible das expropiacións necesarias e o restablecemento de servizos, dereitos reais e servidumes, no seu caso

Nas partidas nas que se indique unha marca ou produto en concreto, tanto nas memorias coma nos planos e orzamento debe engadirse a expresión "ou equivalente" para dar cumprimento ao establecido no artigo 126 da LCSP (non é válida a expresión "ou similar" nin "ou similar equivalente").

Os prezos básicos deberán vir convintemente codificados.

No caso dun proxecto modificado, incluírase o orzamento comparativo por partidas e outro orzamento comparativo por capítulos.

Preferentemente non se incluírán partidas alzadas. Todo debe estar presupostado en unidades medibles e liquidables.

O control de calidade debe ter un orzamento desglosado, ten que ter un orzamento, aínda que estea incluído nos gastos Xerais. Deberá ter un orzamento onde se indiquen exactamente as probas a realizar.

4.6.4 SUPERVISIÓN DOS PROXECTOS

Unha vez redactados os documentos relacionados nos apartados anteriores, editarase unha copia da maqueta de cada un deles en papel e outra en soporte informático (con versións en aberto e de só lectura en formato .pdf), que lle serán entregadas ao Director do Servizo para a súa remisión á oficina de supervisión de proxectos que corresponda.





No caso de que o Director do Servizo ou a oficina de supervisión de proxectos detecten a necesidade de corrixir calquera aspecto dos documentos, elaborarán un informe de devolución que se lle remitirá ao contratista, para que xestione a edición e remisión dunha nova copia en papel corrixida, xunto cun informe asinado do autor no que se expliquen os cambios introducidos e a resposta a todos os aspectos postos de manifesto no informe de devolución da oficina de supervisión de proxectos.

O consultor está obrigado a realizar todas as correccións pertinentes ata que se informen favorablemente os proxectos elaborados. Non realizar estas correccións no prazo de 15 días hábiles dende que se lle comuniquen significará un incumprimento do contrato coas consecuencias e penalidades que se deriven segundo o recollido no PCAP.

A administración poderá suspender a execución do contrato, sen que dea dereito a ningunha indemnización económica ao contratista, durante a fase de supervisión dos proxectos ata que se informe favorablemente e se podan iniciar as seguintes fases de execución do contrato.

Cando a maqueta dos documentos acade o informe favorable da oficina de supervisión de proxectos, o contratista deberá editar o número de copias definitivas establecidas neste Prego, que se lle entregarán ao Director do Servizo.

Ademais, no seu caso, entregaranse en soporte dixital o número de separatas que sexan necesarias, cando os proxectos requiran a realización de reposicións de servizos, ou se necesite obter informes ou autorizacións sectoriais.

4.7 COMUNICACIÓN

O Consultor asistirá á Administración no desenvolvemento da comunicación das actuacións proxectadas en cada unha das súas fases, con obxecto de transmitir do modo máis transparente posible as características da actuación, as súas afeccións e o seu avance.

Serán traballos a desenvolver por parte do Consultor:

- Deseño dun plan de comunicación: elaboración dunha estratexia completa de comunicación do proxecto que parta da análise do entorno, identifique o público obxectivo, estableza as mensaxes clave, as canles prioritarias de comunicación, as principais actuacións e o cronograma. Neste sentido, nun prazo de dous meses dende a sinatura do contrato formulará unha proposta de plan de comunicación para os diferentes traballos obxecto do contrato, incidindo especialmente nos períodos de información pública e no tempo de execución das obras. Este plan de comunicación, que deberá ser aprobado pola Administración, irase adaptando en caso de ser necesario a medida que se vaia avanzando na redacción dos proxectos e na execución das obras.
- Deseño de creatividades e elementos de comunicación identificados no Plan de comunicación: anuncios de prensa, folletos informativos, pezas para redes sociais, con contidos diferenciados para o colectivo de profesionais do hospital, e para a cidadanía en xeral. Inclúese a produción fotográfica necesaria para o deseño dos materiais.
- Creación de contido de modo continuo que permita informar do avance na redacción dos proxectos e na execución das obras. O dito contido producirase cunha periodicidade mínima mensual e incluírá material adaptado para a súa divulgación a través das redes sociais.
- Publicación de anuncios en prensa nos procedementos que impliquen informacións públicas, así como de outros de interese como desvíos de tráfico, afeccións ou información de interese para a cidadanía. Os anuncios estímense en 6 e deberán realizarse, polo menos, no medio de maior difusión no eido territorial de referencia nun formato que garanta a visibilidade dos contidos.





- Produción de vídeos divulgativos, con versións para redes sociais. Cando menos, elaboraranse vídeos do anteproxecto, do proxecto de execución do edificio, da execución das obras e do resultado final. En todos os casos, nunha versión orientada para os profesionais do hospital, e outra para a cidadanía en xeral.
- Repositorio audiovisual: toma de imaxes e vídeos, incluíndo a toma de imaxes con dron, no proceso de elaboración dos proxectos e na execución das obras. Contemplantase o uso de drons para obter imaxes aéreas de cada sesión que se realice.
- Organización e asistencia técnica de reunións con veciños, persoal do hospital, usuarios e outros colectivos de interese, en todas as fases de desenvolvemento da actuación. Estímase a realización de 10 reunións.



5 DOCUMENTACIÓN OBXECTO DO CONTRATO

Todos os traballos de produción (mecnografía, delineación, reprodución, ordenación, encadernación, e similares) serán a cargo do contratista.

5.1 PRESENTACIÓN DO ANTEPROXECTO E DO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA)

5.1.1 DOCUMENTACIÓN TÉCNICA DE ORDENACIÓN GLOBAL DO ÁMBITO

Entregarase en formato dixital a documentación escrita e gráfica que correspondan a cada un dos proxectos que compoñen a documentación precisa para a presentación do PIA segundo os epígrafes que se desenvolven a continuación.

Acompañarase dunha presentación da ordenación global en formato multimedia ou similar con audio e imaxes que permitan unha boa experiencia visual, un vídeo para percibir a actuación proxectada de maneira dinámica. A presentación deberá permitir a interacción entre o usuario e a información mediante unha interface que permita a retroalimentación.

Criterios para o deseño da interface: para ter acceso á información requiriranse varios niveis de control, sobre todo pola forma na que se codifican os documentos de arquitectura, debendo alternar representacións bidimensionais e tridimensionais: volume espacial, vistas, perspectivas, etc., ilustrando os cambios de maneira interactiva e explicando con movemento ou animación a actuación proxectada.

Con carácter previo á súa realización entregarase un guión ou script que servirá para organizar e presentar o contido.

O obxectivo da presentación é comunicar visualmente o contido da documentación técnica como planos, esquemas e diagramas entre outros, e a forma en que se codifica mediante representacións como plantas arquitectónicas, elevacións, seccións e volumetría espacial, co obxectivo de comunicala de forma máis eficiente e didáctica.

Entregarase ademais unha maqueta da proposta arquitectónica do proxecto básico de escala 1:250 que reflicta a implantación da proposta no territorio con detalle con corpos volumétricos.

Todos os traballos de produción (mecnografía, delineación, reprodución, ordenación, encadernación, e similares) serán a cargo do Consultor.

5.1.2 PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA)

Os proxectos estarán compostos por un conxunto de documentación escrita e gráfica de acordo ao contido descrito no artigo 45 da LOTG para os PIAS e esixirase o emprego dos criterios contidos nas Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NNTTPP), segundo o establecido na disposición adicional sexta da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



Farase unha primeira entrega inicial cunha copia en papel e outra dixital con carácter previo á aprobación para os traballos de supervisión.

A documentación presentárase en formato dixital, con sinatura dixital, respectando as condicións técnicas que se sinalen no presente prego. A lonxitude máxima da ruta de acceso dos arquivos dixitais entregados (incluíndo o nome do propio arquivo), non poderá exceder dos 140 caracteres, salvo que a administración permita aumentala por causa xustificada. En caso de ser necesarias, poderán solicitarse dende a administración ata tres copias en papel de toda a documentación.

O formato de entrega dos PIA, sen prexuízo do cumprimento das NNTTPP cumprirá as seguintes condicións:

- A codificación do proxecto de interese autonómico, segundo o artigo 12 das NNTTPP, será co TIP de PIA-IC.
- O modelo de datos dos arquivos vectoriais regulados no anexo 3 NNTTPP para os PIAS será o seguinte:
 - **Delimitación do proxecto de interese autonómico**
 - Incluírase unha capa vectorial coa delimitación do ámbito territorial do proxecto de interese autonómico. Esta capa elaborárase segundo o seguinte modelo de datos.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_1DEL	Identificarase a capa coa codificación básica do documento, seguida da nomenclatura _1DEL
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Delimitación do ámbito territorial afectado polo proxecto de interese autonómico.	
Campos da táboa de atributos		
Título do campo	Tipo de contido	Descrición do campo
tipo	Texto (varchar (8))	Tipo de instrumento de proxecto de interese autonómico que afecta ao ámbito territorial delimitado. O dominio (valores posibles para este campo) é: PIA-DT PIA-VP PIA-AE Donde: PIA-DT: proxecto de interese autonómico para a implantación de dotacións urbanísticas; PIA-VP: proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado a vivendas protexidas; PIA-AE: proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado á realización de actividades económicas. No caso de que se trate dunha modificación dun destes instrumentos precederáse o dominio da letra MP; no caso de que se trate dunha corrección de erros precederáse da letra CE e, no caso de se tratar dun documento refundido, precederáse das letras DR.
observ	Texto (varchar (255))	Observacións que procedan.

- **Dotacións urbanísticas**
 - Achegarase a información xeográfica das dotacións urbanísticas segundo o artigo 65 do Regulamento da Lei do solo de Galicia. Esta capa elaborárase segundo o seguinte modelo de datos.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_2DOT	Identificarase a capa coa codificación básica do documento seguida da nomenclatura _2DOTPOL, _2DOTLIN e _2DOTPTO segundo o tipo de xeometría que conteña (polígono, liña e punto, respectivamente).
Tipo de xeometría	Polígono, liña ou punto	
Descrición	Conxunto de dotacións urbanísticas existentes e previstas que comprenden os sistema de infraestruturas de comunicación, de infraestrutura de redes de servizo, de espazos libres e zonas	





verdes e de equipamentos.

Campos da táboa de atributos

Título do campo	Tipo de texto	Descrición do campo
pb_pv	Texto (varchar (3))	Distinción entre sistemas de titularidade pública e titularidade privada. O dominio (valores posibles para este campo) é: -Dpb -Dpv Onde: DPb: dotación de titularidade pública; DPv: dotación de titularidade privada
sx_sl	Texto (varchar (2))	Distinción entre sistemas xerais e sistemas locais dentro das DPb (dotacións de titularidade pública). O dominio (valores posibles para este campo) é: - SX - SL Onde: SX: sistema xeral; SL: sistema local
ex_ob	Texto (varchar (2))	Distinción entre sistemas existentes ou sistemas previstos polo plan xeral. O dominio (valores posibles para este campo) é: - Ex - Ob Onde: Ex: sistema existente; Ob: sistema previsto
sistema	exto (varchar (2))	Tipo de sistema de dotación urbanística. O dominio (valores posibles para este campo) é: - IC - IS - EL - EQ Onde: IC: sistema de infraestruturas de comunicación; IS: sistema de infraestruturas de redes de servizos; EL: sistema de espazos libres e zonas verdes; EQ: sistema de equipamentos
tipo	Texto (varchar (3))	Tipo de dotación dentro de cada sistema. O dominio (valores posibles para este campo) é: Para o sistema IC (sistema de infraestruturas de comunicación): - VIA - FER - POR - AER - FLU - CIC Onde: VIA: viario; FER: ferroviario; POR: portuario; AER: aeroportuario; FLU: fluvial; CIC: ciclista Para o sistema IS (sistema de infraestruturas de redes de servizos): - ABS - SAN - RES - ELE - GAS - TEL Onde: ABS: abastecemento de auga; SAN: saneamento de auga; RES: depósito e tratamento de residuos; ELE: subministración eléctrica; GAS: gasoduto; TEL: telecomunicacións Para o sistema EL (sistema de espazos libres e zonas verdes): - PRA - ARP - PAS - ARX - PAR - XAR Onde: PRA: praza peonil; ARP: área peonil; PAS: paseo peonil; ARX: área de xogo; PAR: parque; XAR: xardín Para o sistema EQ (sistema de equipamentos): - AS - ED - SC - DE - AD - SP - DM - REL - REC Onde: AS: sanitario-asistencial; ED: educativo; SC: cultural; DE:





subtipo	Texto (varchar (5))	deportivo; AD: administrativo-institucional; SP: servizos públicos; DM: dotacional múltiple; REL: relixioso (para o caso das DPV); REC: recreativo ou de relación social (para o caso das DPV) Subtipo de dotación para o sistema IC, tipo V (sistema de infraestruturas de comunicacións viarias) e para o sistema IS (sistema de infraestruturas de redes de servizos). O dominio (valores posibles para este campo) é: Para o tipo VIA (viario): - EST - AUT - DEP - MUN Para o tipo ABS (abastecemento): - CAPT - DEP - ETAP - BOMB - ARQ - MAN - POZO - REDE Para o tipo SAN (saneamento): - EDAR - FS - PREX - VER - VERT - REDE Para o tipo ELE (subministración eléctrica): - CT - LUMIN - LIÑA - SET Para o tipo GAS (gasoduto): - REDE - DEP Para o tipo TEL (telecomunicacións): - ANREP - REDET Onde: EST: estatal; AUT: autonómica; DEP: deputación; MUN: municipal; CAPT: captación; DEP: depósito; ETAP: estación tratamento de auga potable; BOMB: estación de bombeo; Páx. 3 de 18 ARQ: arqueta; MAN: manancial; POZO: pozo; REDE:rede; EDAR: estación depuradora de augas residuais; FS: fosa séptica; PREX: punto de rexistro; VER: vertedura; VERT: vertedoiro; CT: transformador; LUMIN: luminaria; SET: subestación eléctrica, LIÑA: liña eléctrica; ANREP: antena repetidora, REDET: rede de telecomunicacións
supramun	Texto (varchar (2))	Ámbito funcional para o SX_EQ (sistema xeral de equipamentos). O dominio (valores posibles para este campo) é: - M - SM Onde: M: ámbito funcional municipal; SM: ámbito funcional superior ao municipal (non se pode considerar a súa superficie para os efectos de xustificar as reservas mínimas de dotacións)
sup	Número decimal	Superficie da dotación expresada en m ² .
cod	Texto (varchar (25))	Código de identificación do elemento dotacional no instrumento de planeamento
nome	Texto (varchar (255))	Denominación do elemento dotacional no instrumento de planeamento
ordenanza	Texto (varchar (255))	Ordenanza aplicable ás dotacións urbanísticas. O dominio (valores posibles para este campo) é o seguinte de xeito xeral, sen prexuízo de que se poida engadir a especificación que proceda separada mediante un guión: - O-IC - O-IS - O-EL - O-EQ Porén, no caso de que o instrumento de planeamento refira ás ordenanzas tipo reguladas no Plan básico autonómico, o dominio (valores posibles para este campo) é: - PBA_O4 - PBA_O5





		- PBA_O6 - PBA_O7 Onde: O-IC: ordenanza do sistema de infraestruturas de comunicación; O-IS: ordenanza do sistema de infraestruturas de redes de servizos; O-EL: ordenanza do sistema de espazos libres e zonas verdes; O-EQ: ordenanza do sistema de equipamentos; PBA_O4: equipamentos; PBA_O5: infraestruturas de redes de servizos; PBA_O6: infraestruturas de comunicación; PBA_O7: espazos libres e zonas verdes
subord	Texto (varchar (255))	Subtipo da ordenanza aplicable no caso de existir este.
parroquia	Texto (varchar (255))	Parroquia municipal en que se sitúa a dotación urbanística
solo	Texto (varchar (3))	Situación do solo da dotación urbanística prevista. O dominio (valores posibles para este campo) é: - obt - pb Onde: obt: solo que se vai obter; pb: titularidade pública
obt	Texto (varchar (4))	Método de obtención do solo da dotación urbanística prevista. O dominio (valores posibles para este campo) é: - ces - expr - conv - perm - ocup Onde: ces: cesión obrigatoria; expr: expropiación forzosa; conv: convenio; perm: permuta forzosa; ocup: ocupación directa
tipo_ces	Texto (varchar (3))	Para o caso de que o método de obtención do solo sexa a cesión obrigatoria. O dominio (valores posibles para este campo) é: - inc - ads Onde: inc: sistema incluído; ads: sistema adscrito
ambito_ces	Texto (varchar (255))	Código do ámbito en que se inclúe ou adscribe o sistema dotacional obtido por cesión obrigatoria. No caso de incluírse ou adscribirse a varios ámbitos, indicárase a porcentaxe do sistema incluído ou adscrito a cada un deles.
observ	Texto (varchar (255))	Observacións que procedan.

○ **Clasificación e categorización do solo**

- Achegarase a información xeográfica da clasificación e categorización do solo proposta polo proxecto de interese autonómico. Esta capa elaborárase segundo o seguinte modelo de datos.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_2CLAS	Identifícase a capa coa codificación básica do documento seguida da nomenclatura _2CLAS
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Clasificación e categorización do solo	
Campos da táboa de atributos		
Título do campo	Tipo de texto	Descrición do campo
clase	Texto (varchar (3))	Clase de solo segundo a LSG. O dominio (valores posibles para este campo) é: - SU - SNR - SUB - SR Onde: SU: solo urbano; SNR: solo de núcleo rural; SUB: solo urbanizable; SR: solo rústico
cat	Texto (varchar (5))	Categoría de solo segundo a LSG. O dominio (valores posibles para este campo) é: - SUC - SUNC - SNRT - SNRC - SUB - SRPO





		SRPA SRPF SRPAU SRPC SRPIN SRPEN SRPPX SRPP Onde: SUC: solo urbano consolidado; SUNC: solo urbano non consolidado; SNRT: solo de núcleo rural tradicional; SNRC: solo de núcleo rural común; SUB: solo urbanizable; SRPO: solo rústico de protección ordinaria; SRPA: solo rústico de especial protección agropecuaria; SRPF: solo rústico de especial protección forestal; SRPAU: solo rústico de especial protección das augas; SRPC: solo rústico de especial protección de costas; SRPIN: solo rústico de especialprotección de infraestruturas; SRPEN: solo rústico de especial protección de espazos naturais; SRPPX: solo rústico de especial protección paisaxística; SRPP: solo rústico de especial protección patrimonial
subcat	Texto (varchar (4))	Subcategoría de solo urbano non consolidado. O dominio (valores posibles para este campo) é: URBA RIRU DOTA Onde: URBA: solo urbano non consolidado integrado por terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización; RIRU: solo urbano non consolidado integrado por terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana; DOTA: solo urbano non consolidado integrado por terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación
uso_global	Texto (varchar (255))	Uso global do ámbito. O dominio (valores posibles para este campo) é: RES IND TER DOT No caso de existir un único uso global característico no ámbito, indicárase unicamente este. No caso de existir varios usos globais no ámbito, indicáranse todos eles seguindo a expresión " (dominio, n), (dominio, n)...", onde n é o valor numérico da porcentaxe asignada a ese uso. Onde: RES: uso residencial; IND: uso industrial; TER: uso terciario; DOT: uso dotacional
sup	Número decimal	Superficie dos ámbitos expresada en m².
cod	Texto (varchar (25))	Código identificativo dos solos urbanos non consolidados, dos solos urbanizables e dos núcleos rurais no instrumento de planeamento
subcod	Texto (varchar (50))	Código identificativo de cada ámbito diferenciado no caso dos núcleos rurais de tipo polinuclear
nome	Texto (varchar (255))	Denominación do ámbito no instrumento de planeamento
observ	Texto (varchar (255))	Observacións que procedan.

•

○ **Cualificación do solo**

Achegarase a información xeográfica da cualificación dos terreos. Esta capa elaborárase segundo o seguinte modelo de datos.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_3CUAL	Identificarase a capa coa codificación básica do documento seguida da nomenclatura _3CUAL
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Cualificación proposta polo proxecto de interese autonómico	
Campos da táboa de atributos		
Título do campo	Tipo de texto	Descrición do campo
uso_global	Texto (varchar (255))	Uso global do ámbito. O dominio (valores posibles para este campo) é: RES IND





		TER DOT No caso de existir un único uso global característico no ámbito, indicárase unicamente este. No caso de existir varios usos globais no ámbito, indicáranse todos eles seguindo a expresión " (dominio, n), (dominio, n)...", onde n é o valor numérico da porcentaxe asignada a ese uso. Onde: RES: uso residencial; IND: uso industrial; TER: uso terciario; DOT: uso dotacional
uso_pormen	Texto (varchar (255))	Uso pormenorizado asignado a cada zona concreta e que se corresponde coas diferentes tipoloxías en que poden desagregarse os usos globais. O dominio (valores posibles para este campo) é: Para o uso_global RES (residencial): VU VC VP Para o uso_global IND (industrial): PR AL LX Para o uso_global TER (terciario): CM OF RE HO Para o uso_global DOT (dotacional): IC IS EL EQ Onde: VU: residencial unifamiliar; VC: residencial colectiva; VP: residencial protexida; PR: industrial produtivo; AL: industrial almacenaxe; LX: industrial loxística; CM: terciario comercial; OF: terciario oficinas-administrativo; RE: terciario recreativo; HO: terciario hotelero; IC: dotacional de infraestruturas de comunicación; IS: dotacional de infraestruturas de servizos; EL: dotacional de espazos libres e zonas verdes; EQ: dotacional de equipamentos
ordenanza	Texto (varchar (255))	Ordenanza aplicable segundo a ordenación que estableza o proxecto de interese autonómico. No caso das ordenanzas dos sistemas de dotacións, o dominio (valores posibles para este campo) é o seguinte, sen prexuízo de que poida engadirse a especificación que proceda separada mediante un guión: O-IC O-IS O-EL O-EQ Para o resto das ordenanzas aplicables o dominio será de definición libre. Onde: O-IC: ordenanza do sistema de infraestruturas de comunicación; O-IS: ordenanza do sistema de infraestruturas de redes de servizos; O-EL: ordenanza do sistema de espazos libres e zonas verdes; O-EQ: ordenanza do sistema de equipamentos
tipo_edif	Texto (varchar (255))	Tipoloxía edificatoria prevista polo proxecto de interese autonómico
edif	Número decimal	Niveis de intensidade correspondentes a cada zona, expresados en m ² /m ² mediante os índices de edificabilidade aplicables aos terreos edificables.
altura	Texto (varchar (10))	Altura máxima da edificación. A codificación será B+1, B+2...
cod_recinto	Texto (varchar (255))	Código ou identificación dos recintos ou parcelas resultantes, se procede.
observ	Texto (varchar (255))	Observacións que procedan.





○ **Edificacións**

Achegarase a información xeográfica das edificacións existentes e proxectadas no ámbito do proxecto de interese autonómico. Esta capa elaborárase segundo o seguinte modelo de datos.

Nome da capa	INE_TIP_AAAAMM_F_4EDIF	Identificarase a capa coa codificación básica do documento seguida da nomenclatura _3EDIF
Tipo de xeometría	Polígono	
Descrición	Edificacións existentes e proxectadas	
Campos da táboa de atributos		
Título do campo	Tipo de texto	Descrición do campo
estado	Texto (varchar (4))	Estado da edificación. O dominio (valores posibles para este campo) é: ex prox Onde: ex: edificacións existentes; prox: edificacións proxectadas pola ordenación detallada
observ	Texto (varchar (255))	Observacións que procedan.

- A estrutura e codificación de carpetas e arquivos regulados no anexo 4 NNTTPP e segundo o artigo 45 da LOTG para os PIAS será o seguinte:

PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO (PIA)

• ESTRUCTURA DE CARPETAS E CÓDIGO DE ARCHIVOS		• DESCRICIÓN
Carpetas	Arquivos	
• INE_TIP_AAAAMM_F_01 PDF	•	• DOCUMENTO DIXITAL EN PDF
• 00.INDEX	•	• Índice xeral do documento
•	• INE_TIP_AAAAMM_F_INDEX	• Índice xeral do documento e composición do equipo redactor
• 01.DIA	•	• Declaración de interese autonómico
•	• INE_TIP_AAAAMM_F_01DIA	• Declaración de interese autonómico
• 02.MX	•	• Memoria xustificativa
•	• INE_TIP_AAAAMM_F_MX	• Memoria xustificativa





		• 03.PINF			• Planos de información xeral e planos de información
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINF_01EX	• Situación do ámbito en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio conforme ao plan xeral de ordenación municipal
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINF_02ORD	• Ordenación establecida no plan xeral para o ámbito e o seu contorno
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_01TOPO	• Topográfico, hipsométrico e clinométrico
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_02CATAS TRO	• Catastral
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_03ACTUAL	• Edificacións, usos, infraestruturas e vexetación existentes
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_04IOT_A FEC	• Afeccións e incidencia dos instrumentos de ordenación do territorio
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_05RISCOS	• Xeomorfolóxico e áreas de riscos xeolóxicos e naturais
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_06PROTECC	• Contaminación dos solos e ámbitos e elementos ambientais e do patrimonio con valores que hai que preservar
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_07HIDROGR	• Redes e concas hidrográficas. Zonas con riscos de inundación e augas subterráneas a protexer
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_08VIARIO	• Estado actual da rede viaria, identificando cada vía, titularidade e zonas de protección
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_09PAISAXE	• Concas de interese paisaxístico e de áreas de respecto de elementos paisaxísticos
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PINFS_10PRATRI M	• Elementos do patrimonio cultural e natural
		• 04.PORD			• Planos de ordenación urbanística
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PORD_01USOS	• Asignación de usos pormenorizados
		•		• INE_TIP_AAAAMM_F_PORD_02SLIC	• Sistema local de infraestruturas de redes de comunicación





				• INE_TIP_AAAAMM_F_PORD_03SLIS	• Sistema local de infraestrutura de redes de servizos
				• INE_TIP_AAAAMM_F_PORD_04FAS	• Polígonos ou fases
	• 05.NU				• Normas urbanísticas
				• INE_TIP_AAAAMM_F_NU	• Normativa urbanística
	• 06.CAT				• Catálogo
				• INE_TIP_AAAAMM_F_CAT_01M	• Memoria
				• INE_TIP_AAAAMM_F_CAT_02F	• Fichas que integren o plano de información e situación do elemento catalogado
				• INE_TIP_AAAAMM_F_CAT_03NP	• Normas de protección para cada nivel
	• 07.EE				• Estudo económico e memoria de viabilidade económica
				• INE_TIP_AAAAMM_F_EE_01EE	• Estudo económico
				• INE_TIP_AAAAMM_F_EE_02ISE	• Informe de sostenibilidade económica
				• INE_TIP_AAAAMM_F_EE_03O	• Orzamento
	• 08.DAE				• Documentación de asunción expresa
				• INE_TIP_AAAAMM_F_DAE	• Documentación de asunción expresa
	• 09.PP				• Síntese e conclusións da participación pública
				• INE_TIP_AAAAMM_F_PP	• Síntese e conclusións da participación pública
	• 010. AAE				• Documentación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica
	• Se o documento é sometido a avaliación ambiental estratéxica simplificada:				





				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_01DAE	• Documento ambiental estratéxico
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_02ALTO	• Plano da alternativa 0*
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_03ALT1	• Plano da alternativa 1*
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_04ALT2	• Plano da alternativa 2*
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_05IAE	• Informe ambiental estratéxico
		Se o documento é sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria:			
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_06DIE	• Documento inicial estratéxico • (só cando o promotor solicite directamente AAEO)
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_07ALTO	• Plano da alternativa 0* • (só cando o promotor solicite directamente AAEO)
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_08ALT1	• Plano da alternativa 1* • (só cando o promotor solicite directamente AAEO)
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_09ALT2	• Plano da alternativa 2* • (só cando o promotor solicite directamente AAEO)
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_10EAE	• Estudo ambiental estratéxico
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_11PAR	• Resultado da participación pública e consultas
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_12RES	• Documento resumo
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_13DEAE	• Declaración ambiental estratéxica
				• INE_TIP_AAAAMM_F_AAE_14EXT	• Extracto ambiental e medidas de seguimento ambiental segundo o modelo do anexo 6
		11.MOD_MPPXOM			• Modificación da ordenación do PXOM • Documentación adicional cando o PIA modifique o PXOM
				• INE_TIP_AAAAMM_F_MOD_MPPXOM_01MX	• Memoria xustificativa





			INE_TIP_AAAAMM_F_MOD_MPPXOM_02PORD	Plano de ordenación
			INE_TIP_AAAAMM_F_MOD_MPPXOM_03NU	Normativa urbanística
	INE_TIP_AAAAMM_F_02EDIT			DOCUMENTO DIXITAL EDITABLE
			01.DOC_EDIT	Arquivos do documento dixital editable
			- Incorporaranse nesta carpeta a totalidade dos arquivos en formato dixital editable a partir dos que se xere o documento en formato non editable (PDF). - Estes arquivos, con independencia de que se trate de documentación escrita ou gráfica, nomearanse co mesmo código que se define neste anexo para os arquivos PDF, e organizaranse seguindo a mesma estrutura de carpetas proposta para estes. - No caso concreto da documentación gráfica, de usarse programas informáticos que permitan a xeración de varias presentacións ou series de planos nun mesmo arquivo editable, será a presentación ou serie de plano dentro dese arquivo editable a que se nomee co mesmo código do arquivo PDF resultante. - Con todo, mantense a obriga de xerar como mínimo un arquivo editable por cada grupo temático de planos que se nomeará coa codificación básica do instrumento seguida da expresión "_MX; _PINF; _PINFSU; _PINFS; _PORD; _AAE; _MOD_MPPXOM; que proceda, e que se arquivarán no seu cartafol correspondente segundo a estrutura de carpetas deste anexo. - Respecto da súa extensión, esta será a que corresponda segundo sexa documentación escrita ou gráfica e segundo os programas informáticos empregados para elaborar o documento (.odt, .doc, .docx..., ou a que proceda, para a documentación escrita; .mxd, .qgs..., ou a que proceda, para a documentación gráfica). - En ambos casos, garantirase o perfecto enlazamento á orixe da fonte de datos que se empregue para configurar os documentos finais imprimíbles e que se achegará na carpeta 02. FONTE_DATOS. - No caso da documentación gráfica, os arquivos de proxecto editables (.mxd, .qgs...) das diferentes series planimétricas achegaranse perfectamente configurados para posibilitar a súa impresión directa a través da composición de mapa, empregando o modelo de cartela e formato definido no anexo 5 das NNTTPP. Na táboa de contidos ou de capas do proxecto, estas virán perfectamente ordenadas e simbolizadas, de xeito que os dous formatos dixitais do documento (editable e PDF) sexan idénticos. Empregaranse para isto os parámetros preceptivos de simboloxía do anexo 2, sendo que o resto da simboloxía non regulada nestas normas será de elección libre do equipo redactor conforme ao establecido no seu artigo 8. *Considérase documentación gráfica a identificada neste cadro de contido cun asterisco.	
			02. FONTE_DATOS	Carpeta orixe da fonte de datos e dos arquivos auxiliares empregados
			- Incorporaranse nesta carpeta a totalidade da fonte de datos e dos arquivos auxiliares empregados para a elaboración dos arquivos en formato dixital editable imprimíble, tanto os correspondentes á documentación escrita coma á documentación gráfica (.ods, .xls, .xlsx, .shp, .gpkg, .gml, .gdb, .mdb, .jpg, .tiff, .pdf, .png...). - Preceptivamente achegarase o conxunto de arquivos vectoriais regulados no anexo 3 destas normas que deberán cumprir co modelo de datos do dito anexo e estar nomeados conforme ao disposto nel. Sen prexuízo disto, resulta igualmente preceptiva a achega do resto de arquivos que constitúen a fonte de datos vectoriais do documento de planeamento, elaborados con modelo de datos e nomenclatura libre e a elección do equipo redactor.	





	• <i>No caso de que na elaboración da documentación se opte por traballar con bases de datos empacetas (.gdb, .mdb, .gpck...) incluírase a base nesta carpeta, nomeada segundo a codificación básica regulada nestas normas coa expresión <code>INE_TIP_AAAAMM_F_BASE_DATOS</code> ou, de empregar programas informáticos que permitan empacetar nun mesmo arquivo o proxecto e máis a fonte de datos, irá incluída no arquivo editable que se achegue na carpeta <code>01.DOC_EDIT</code>, se ben neste último caso deixárase constancia desta circunstancia nun arquivo de texto que se achegue nesta carpeta de fonte de datos.</i> • <i>En ambos casos, os arquivos preceptivos regulados no anexo 3 destas normas deberán formar parte da base de datos empacetada.</i> • <i>Nota: No caso de que o programa SIX empregado non permita que a información contida nas bases de datos empacetas comece por un número engadírase diante da codificación básica anterior un guión baixo segundo a expresión <code>_INE_PXOM_AAAAMM_F_</code>.</i>
--	--

En calquera caso, segundo o artigo 13 da Orde do 10 de outubro de 2019 (DOG núm. 224 do 25/11/2019) pola que se aprobaron as NNTTPPG

- Requisitos esixibles á documentación dixital dos demais proxectos:
- A entrega do documento completo en soporte dixital incluírá dous formatos que se achegarán en dúas carpetas comprimidas independentes:
 - Documento en formato non editable PDF que permita a súa sinatura electrónica posterior.
 - Documento no formato editable en que se elaborase tanto a documentación escrita como a gráfica
- Entregarase toda a documentación nun soporte ou dispositivo electrónico, e o documento en formato non editable PDF terá unha resolución suficiente que permita a súa impresión coa mesma definición e calidade que a documentación entregada en soporte papel.
- Na documentación en soporte dixital non editable :
 - Os arquivos PDF xeraranse a partir dunha impresión en PDF do documento dixital editable e nunca como un escaneado óptico do documento en papel. A resolución mínima para a documentación escrita será de 150 ppp e, para a documentación gráfica de 300 ppp; en todo caso, o tamaño máximo de cada arquivo non superará os 30Mb para permitir o seu asinado electrónico
 - Como regra xeral, unicamente se poderán desagregar para a súa presentación en arquivos PDF independentes as follas das distintas series de planos da documentación gráfica dos proxectos. O resto dos documentos do proxecto poderán dividirse en arquivos PDF diferenciados unicamente cando excedan do tamaño máximo de arquivo permitido (30 Mb).
 - Identificarase claramente a orde dos arquivos desagregados dentro do conxunto total das partes que conforman o documento completo orixinal e numerarase ou identificarase cada parte a continuación do nome definido de acordo co IGVS. A numeración ou identificación que se estableza estará separada do nome do arquivo mediante un guión baixo, e no caso de empregar numeración seriada do un ao nove, esta estará precedida do número 0.
 - A documentación en soporte dixital non editable será asinada dixitalmente polo menos polo director do equipo
- Na documentación en soporte dixital editable :





- A información do documento dixital non editable (PDF) deberá coincidir exactamente coa contida nos arquivos vectoriais do documento dixital editable.
- A documentación escrita será elaborada por medio dun procesador de textos e presentaranse en carpetas, con numeración de tomos e páxinas, e con índices; expresarán con claridade o seu título, orde dentro do conxunto, data de realización, fase á que se refiren, e identificación do equipo redactor. Deberá entregarse en formato .docx ou .odt.
- A documentación gráfica elaboraranse mediante técnicas de debuxo asistido por ordenador, cos datos xeográficos en soporte vectorial xeoreferenciado. Todos os planos que conteñan representación en planta elaboraranse a escala mínima 1:2000 e conterán a delimitación da área de ordenación; en todos figurará unha cartela informativa que conteña como mínimo o nome do concello e título do traballo, equipo redactor, data, fase, escalas, nome e número do plano; en todas, figurará asemade a cartela de simboloxía, na que queden explicadas as significacións de tódolos símbolos gráficos empregados, así como un gráfico distribuidor de follas.

Presentaranse os ficheiros correspondentes nun soporte ou dispositivo electrónico, no formato shapefile (SHP e/ou DWG) para os planos e no formato de creación dos arquivos para o resto dos documentos (DOC, XLS, JPEG, etc), todos eles sen protección, editables e con identificación de códigos. No proxecto de normas vectoriais, todos os ficheiros deben depender dun directorio “:\ nome do proxecto” para a súa mellor xestión.

A estrutura, os campos, os dominios e demais características dos datos espaciais e metadatos, se axustarán ás especificacións técnicas que, no seu caso, se publiquen na páxina web da Xunta de Galicia.

- **Forma de presentación**

- A documentación dixital deberá ser presentada electronicamente.
- No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non permitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial nun soporte ou dispositivo electrónico. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5.2 PROXECTO DE VIARIO E ACCESOS

5.2.1 COPIAS EN PAPEL

No caso de que a dirección do proxecto necesite editar algún documento en papel, deberá realizarse tendo en conta as prescricións recollidas no presente documento e segundo as directrices definidas na Instrución para a redacción de proxectos da AXI. Con todo, non é requisito no presente contrato a edición en formato papel dos documentos que se redacten, unicamente en formato dixital.

Os documentos do proxecto deberán ser asinados polo Autor/é do Proxecto, que serán responsables da exactitude da transcripción que nos devanditos documentos se exprese.



5.2.2 COPIAS DIXITAIS

O Consultor poderá empregar as aplicacións informáticas que estime oportuno, das que proporcionará os resultados no traballo, pero, ademais diso, deberá proporcionar á Administración os datos de entrada necesarios, en forma directamente utilizable polas aplicacións informáticas empregadas por esta e preferiblemente en arquivos de formato aberto cuxas especificacións sexan públicas.

As copias en formato aberto contarán coa totalidade dos arquivos no seu formato orixinal, no caso das copias completas, ou dos documentos que formen parte das respectivas separatas, no seu caso. Presentaranse cunha estrutura de cartafois análoga ao índice dos proxectos, para unha mellor e máis sinxela identificación.

As copias en formato de só lectura presentaranse en formato PDF, contendo a totalidade dos proxectos e estruturaránse como as anteriores, incluíndo marcadores en forma de árbore e cunha presentación que se corresponderá exactamente coa das follas dos tomos en papel.

Incluirase tamén unha copia do documento completo, nun único arquivo en formato PDF.

Todos os arquivos en soporte dixital que teñan vínculos a outros arquivos, deberán estar a súa vez contidos no propio soporte dixital, e ademais estar almacenados nel contendo unha ruta relativa aos mesmos.

5.3 PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS DE EDIFICACIÓN E URBANIZACIÓN

5.3.1 FASES

5.3.1.1 FASE DE SUPERVISIÓN

Farase, por medios telemáticos, unha primeira entrega inicial completa do proxecto coa información gráfica en formato dixital editable (.dwg) e o conxunto do proxecto en (.pdf) debidamente indexado. De solicitarse polos responsables do contrato, achegarase unha copia reducida en formato DIN-A3 dos planos, para os traballos de supervisión.

No caso de entregar unha nova documentación que substitúa á anterior, entregarase o documento completo e reflectirase en todas as portadas o número de expediente e a referencia da correspondente versión segundo o informe de supervisión, e así en sucesivas entregas, ata obter o informe de supervisión favorable.

Con cada modificación, entregarase unha memoria explicativa dos cambios efectuados nos documentos do expediente.

5.3.1.2 ENTREGA FINAL

Para a entrega final facilitarase en dixital a seguinte documentación:

- Copia completa do proxecto tanto en .pdf asinado como en aberto nos formatos que mais adiante se detallan, e coa seguinte estrutura: en dúas carpetas independentes:





- documentación en aberto que permita ser leído por software libre, subdividida a su vez en tres carpetas:
 - Doc escrita .doc ou .odt
 - Doc gráfica .dwg
 - No caso de edificación. Doc BIM. Ademais dos arquivos .ifc ou equivalente, deberase, no seu caso, entregar tamén o arquivo nativo en formato BIM (.rvt. .step).
- documentación en pdf asinada polo técnico/s redactores con sinatura dixital e subdividida en dos carpetas:
 - Doc PDF escrita
 - Doc PDF gráfica

De presentarse a documentación escrita en castelán, nesta entrega final deberá incorporarse unha copia en galego da Memoria descriptiva do proxecto.

5.3.2 PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

5.3.2.1 XENERALIDADES

A documentación escrita manterá a mesma estrutura na copia dixital e na copia en papel (de solicitarse) asimilando os distintos tomos que a compoñen o cartafol de arquivos.

En todo caso, o proxecto irá provisto das separatas necesarias para solicitar as autorizacións sectoriais pertinentes, co seu orzamento correspondente, e como proxectos independentes, no seu caso: Industrial (climatización, REBT), Proxecto de Instalacións de comunicación (PIC), etc...

O estudo de seguridade e saúde presentarase de xeito independente do resto de documentos do proxecto de obras.

Facilitarase aos adxudicatarios modelos en aberto coa carátula do organismo competente tanto para a documentación gráfica como na escrita, na que deberá empregarse o mesmo tipo de letra para toda a documentación.

5.3.2.2 COPIA EN FORMATO .PDF

A documentación que se presente en formato dixital remitirase por medios telemáticos.

As memorias presentarase en formato .PDF e en formato compatible .odt ou .docx, as medicións e orzamentos en formatos .pdf e .bc3, e os planos en formatos .pdf e CAD .dwg/.dxf.

Poderase entregar un só arquivo para planos e outro para textos, sempre e cando o tamaño dos arquivos sexa inferior a 200 MB. Neste caso, deberán ir debidamente indexadas e ter marcadores de tipo índice para facilitar a súa consulta.

En todo caso de presentarse en arquivos independentes estes non superarán os 30mB.

No caso de que a entrega se realice en arquivos independentes, este non superarán os 30mB, seguirán a seguinte estrutura:

- O índice de planos integrarse no índice xeral, ou será o primeiro arquivo da carpeta.
- O nome dos arquivos tanto dos .pdf como dos .doc, .odt e .dwg, debe ser descriptivo do seu contido, cun número máximo de 15 caracteres, e deben ordenarse seguindo un índice, cunha numeración correlativa que se corresponderá coa da documentación en papel.
- Os pdf deben abrirse no sentido correcto para a súa adecuada lectura.
- Os pdf enviaranse sen protección.





- Cada plano en papel terá un arquivo .dwg exclusivo, e a partir del poderá reproducirse exactamente o plano sen ningún tratamento adicional (modificación da visualización das capas, tipos de liña, etc). No caso de empregar referencias externas, achegaranse co plano correspondente, no mesmo directorio ou carpeta que o arquivo dwg.
- Os arquivos pdf estarán debidamente indexados con marcadores para facilitar a súa consulta.

5.3.2.3 REQUISITOS BIM DO PROXECTO

Os planos se xerarán a partir do modelo BIM (incluída a xeración de planos en pdf de forma que permitan a consulta das características dos deferentes elementos do plano).

O modelo 3D en metodoloxía BIM cumprirá cos seguintes determinados

5.3.2.3.1 INFORMACIÓN XERAL DO PROXECTO

O arquivo nativo debe conter a información xeral do proxecto para estar correctamente identificado e situado:

- Ámbito de actuación: dirección, localización xeográfica e referencia catastral.
- Membros do proxecto (promotor/cliente, proxectista) e datos de contacto.

5.3.2.3.2 ALCANCE

Realizarase un modelo en metodoloxía BIM para o proxecto, que funcione nas fases de Planificación, Deseño e Construción.

5.3.2.3.3 USO

O uso BIM que se lle dará ao modelo, segundo a guía de Penn State, será para:

- Deseño do modelo, para a disciplina de Arquitectura e Estrutura.
- Revisión do modelo, para optimizalo modelo de deseño.
- Coordinación do modelo, para revisar as posibles interferencias entre as distintas disciplinas.
- Xeración de planos.
- Medicións e orzamento, extracción e vinculación das medicións para confeccionar os orzamentos.

Un BIM USES 02: "COST ESTIMATION (QUANTITY TAKE-OFF)" ou "MEDICIÓN E ORZAMENTO DE OBRA", é dicir, preténdese usar o modelo para o control de custos en cada unha das fases do proxecto.

5.3.2.3.4 ESTRUCTURA DE DATOS

O modelo completo do proxecto poderase xerar a partir de 1, 2 ou 3 modelos independentes, ou un con todas as disciplinas que se desenvolvan, en caso de estar separados en varios modelos, estes irán vinculados a un arquivo específico de coordinación xenérico.





• Codificación:

A codificación que se empregará para o arquivo nativo será: XX.XX.XXX.XX_ DIR_ EXT, onde:

- XXXX = Clave do proxecto.
- DIR = Dirección do proxecto.
- EXT = Disciplina.

Exemplo: PO.23.081.30_ Alfó 6_ E

Neste documento, cando se refire ó ID, será este ID ou o parámetro compartido de exemplar (no caso de Revit) para que o elemento modelado poida ser recoñecido á hora de supervisar e xestionar o proxecto.

1. Disciplina arquitectura (A)

Nivel de desenvolvemento: Esixirase un mínimo de desenvolvemento LOD 300, é dicir, a información da xeometría é precisa, esta pendente de detalles construtivos, e ten un nivel de detalle externo importante pero non completo. A codificación do ID dos elementos de arquitectura será:

- Pilares A – P - V1 – 001
- Forxados A – F - V1 – 001
- Fachadas A – MF - V1 – 001
- Tabiques A – MT - V1 – 001
- Portas A – CP - V1 – 001
- Xanela A – CV - V1 – 001
- Pavimento / Acabados A – AC - V1 - 001

2. Disciplina estrutura (E)

Nivel de desenvolvemento: Esixirase un mínimo de desenvolvemento LOD 300. A codificación do ID dos elementos de estrutura será:

- Zapatas E – ZP - ZC – 001
- Vigas de cimentación E – VC - ZC – 001
- Pilares E – P - ZC – 001
- Vigas E – V - ZC – 001
- Forxados E – F - ZC - 001
- Cuberta E – C - ZC - 001
- Escaleiras E – E - ZC – 001

3. Disciplina instalacións (I)

Nivel de desenvolvemento: Esixirase un mínimo de desenvolvemento LOD 100, aínda que se poderá aceptar como mínimo unha representación gráfica no plano de cada unha das instalacións e un plano de coordinación de todas elas. Se se modelan, a codificación do ID das subdisciplinas de instalacións será:

- Fontanería I – FON – V1 – 001
- Saneamento I – SAN – V1 – 001
- Climatización I – CLI – V1 – 001
- Calefacción I – CAL – V1 – 001
- Ventilación I – VEN – V1 – 001





- Gas I – GAS – V1 – 001
- Electricidade I – ELE – V1 – 001
- Telecomunicacións I – COM – ZC – 001
- Enerxía Solar Térmica I – ENS – ZC – 001
- Protección contra incendios I – PCI – ZC – 001

4. Disciplina coordinación (COO)

• Nivel de desenvolvemento: Esixirase un mínimo de desenvolvemento LOD 300 (exceptuando as instalacións, requisito 3), neste arquivo poderanse realizar comprobacións de conflitos entre as diferentes disciplinas desenvolvidas no modelo. Poderá ser o arquivo nativo único, en onde se engloben as outras disciplinas pero sempre mantendo a nomenclatura ID de cada elemento en cada disciplina.

- A codificación do ID das subdisciplinas será:
 - O primeiro carácter representa a disciplina (A – Arquitectura, E – Estrutura, I – Instalacións).
 - O segundo corresponde a subdisciplina ou elemento (MF- Fachadas, P – Pilar, FON – Fontanería).
 - O terceiro pode ser V1, V2 o V3 (para definir a vivenda na que se atopa) ou ben ZC (define que o elemento se atopa na zona común do edificio). Todo elemento que se atope delimitando a vivenda da zona común se nomeara como se pertencese a vivenda ao completo.
 - O último carácter representa o número de elemento.

5.3.2.3.5 ORGANIZACIÓN DO MODELO

- Sistema e orixe de coordenadas:

A orixe de coordenadas dos proxectos elixiranse na esquina exterior máis próxima a porta de entrada principal e deben coincidir no estado actual e estado reformado, para mellorar a coordinación entre as disciplinas empregadas. Deberan ter un punto de orixe común ou punto base de coordinación do proxecto, que estará xeoreferenciado nas súas dimensións X, Y e Z.

- Niveles de referencia:

Os niveis de referencia ou niveis tomaranse dende a cota superior do forxado de cada planta (Incluído acabado).

- Unidades:

As unidades de proxecto serán iguais en todas as disciplinas, en metros.

5.3.2.3.6 ESTÁNDARES

O arquivo estándar de entrega será IFC 4 e IFC 2x3 para compartir a información entre todos os axentes implicados. Usase para xerar o arquivo nativo, Revit, Archicad ou outro equivalente na versión máis recente posible, sendo a versión mínima aceptada do ano 2018 ou superiores.

5.3.2.3.7 ENTREGABLES



Os arquivos que se entregaran, seguiran as normas de presentación do apartado 4 Requisitos de presentación da documentación técnica, en canto os arquivos en metodoloxía

BIM: Entregarase o arquivo nativo en formato BIM (revit, archicad, allplan, vectorworks ...), así como, o IFC 4 e o IFC 2x3 obtidos deste arquivo nativo, que deba conter a estrutura e organización do apartado 4.5.4. e 4.5.5.

5.4 DOCUMENTOS POSTOS Á DISPOSICIÓN DO CONSULTOR

A Administración proverá das credenciais que o persoal do Consultor precise para operar e tomar datos ou informes noutros organismos oficiais, para que poidan levar a cabo a súa misión sen impedimentos ou para que, se os hai, consten fidedignamente.

Os escritos necesarios para a coordinación con algunhas administracións, e servizos públicos ou con terceiros serán elaborados polo Consultor. En todo caso, correspóndelle á Administración a tramitación da xestión oficial cos organismos afectados para obter os datos e informes requiridos.

Ademais, a administración poñerá a disposición do Consultor os documentos técnicos sinalados no apartado 4 deste prego, que se anexan ao mesmo e que serven de antecedentes do que é obxecto este contrato.

En todo caso, será da exclusiva incumbencia do Consultor a obtención de todos os permisos e licenzas de particulares que se requiran para a execución dos traballos encomendados así como o abono de impostos, canons, compensacións e demais indemnizacións a que dean lugar o desenvolvemento dos traballos e, en consecuencia, deben considerarse integrados nos prezos unitarios ofertados.





6 DOTACIÓN DE MEDIOS

6.1 PERSOAL

O presente contrato inclúe a posta a disposición do seu cumprimento de todo o persoal e os medios materiais necesarios para a óptima realización no momento máis oportuno dos traballos que se contratan.

Se por necesidades do servizo fose necesario aumentar o número de horas normais de traballo, os cambios experimentados non serán computables a efectos do abono dos traballos realizados, debendo integrarse calquera cambio na estimación previa que se realice para a oferta presentada.

Os permisos, licenzas, vacacións, etc., non afectarán de ningún xeito o desenvolvemento dos traballos; isto significa que calquera ausencia, por calquera motivo, de calquera titular de calquera das funcións que integran o equipo debe ser cuberta por substitutos equivalentes. Tanto as substitucións programables (vacacións), como as incidentais, deben ser autorizadas pola Dirección que, segundo a duración ou influencia no traballo para realizar, poderá dispoñer outras medidas extraordinarias.

O persoal adscrito polo Consultor á prestación obxecto do contrato non terá ningunha relación laboral coa administración, baixo ningún concepto.

6.1.1 PERSOAL PARA OS TRABALLOS PREVIOS, A TRAMITACIÓN URBANÍSTICA E AMBIENTAL E A REDACCIÓN DOS PROXECTOS

O equipo multidisciplinar, que poderá ser incrementado polo Consultor como parte da súa oferta, estará composto polo menos polo seguinte persoal:

- unha persoa especialista en urbanismo: unha persoa en posesión da titulación de grao en **enxeñaría de camiños, canais e portos ou arquitectura** segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos algún dos instrumentos sinalados no artigo 19 da Lei 1/2021, 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia ou os equivalente da anterior Lei 10/1995, do 23 de novembro (directrices de ordenación do territorio, plans territoriais, plans sectoriais ou proxectos de interese autonómico ou ben ter redactado algún instrumento urbanístico de carácter xeral (PXOM) .
- unha persoa en posesión da titulación de grao en **enxeñaría civil** ou equivalente, con experiencia mínima de 10 anos en redacción de proxectos de estradas ou viarios. (Non sería preciso no caso de que o enxeñeiro citado anteriormente cumpra o requisito de experiencia nesta materia).
- unha persoa en posesión da titulación de grao en **arquitectura** ou equivalente segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá contar con experiencia profesional na redacción de proxectos básicos e de execución de obras de edificios hospitalarios, baixo a súa responsabilidade, por importe de participación igual ou superior a un O.E.M de dez millóns de euros (5.000.000€) IVE excluído.
- Unha persoa coa titulación en **enxeñaría industrial ou grao ou mestrado en enxeñaría técnico industrial** ou equivalente que desenvolva as funcións de cálculo de instalacións. Experiencia profesional na realización de instalacións hospitalarias baixo a súa responsabilidade, por importe de participación igual ou superior a un O.E.M de dez millóns de euros (5.000.000€) IVE excluído.





- unha persoa en posesión da titulación de grao en **arquitectura** ou equivalente segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos polo menos un proxecto de **urbanización ou de humanización paisaxística de rúas ou espazos públicos**, cun O.E.M. superior a un millón euros (1.000.000€) IVE excluído. (Non sería preciso no caso de que o arquitecto citado anteriormente cumpra o requisito de experiencia nesta materia).
- Unha persoa en posesión da titulación de grao de **enxeñería agrónomo, de montes** ou equivalente segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos polo menos e na redacción de polo menos un **proxecto de paisaxismo** ou deseño de espazos verdes cun O.E.M. superior a un cincocentos mil euros (500.000€) IVE excluído.
- unha persoa en posesión da titulación de grao en **arquitectura** ou equivalente segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos polo menos e na redacción de polo menos un proxecto básico e de execución de obras de **edificación** cun O.E.M. superior a un millón euros (1.000.000€) IVE excluído. (Non sería preciso no caso de que o arquitecto citado anteriormente cumpra o requisito de experiencia nesta materia).
- Unha persoa que desenvolva as funcións de **delineación** con experiencia mínima de 2,5 anos na realización de proxectos de infraestruturas lineais.
- Unha persoa como **técnico ambiental** en posesión da titulación en ciencias ambientais, bioloxía ou equivalente.
- Unha persoa en posesión da titulación de **arqueoloxía**.
- Unha persoa en posesión da titulación de **topografía**.
- Ademais, para a definición das actuacións, o consultor poderá propoñer a colaboración de técnicos (arquitectos ou enxeñeiros) con experiencia acreditada e recoñecida que realicen colaboracións e achegas aos proxectos a desenvolver.

6.1.2 CONSIDERACIÓNS SOBRE O PERSOAL

O persoal que se relaciona neste Prego é o que entende a Administración como necesario para a correcta realización do Servizo, e para a estimación do seu prezo que, en todo caso, é a tanto alzado.

Non obstante, e tal como se establece no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o licitador presentará "xustificadamente" a Organización con elementos persoais para a realización do traballo que crea máis convinte, e que será a que sirva, entre outros aspectos, para a valoración da súa oferta. En todo caso figurarán os elementos persoais mínimos esixidos no mencionado Prego para acreditar a solvencia técnica ou profesional.

Dado que o que se contrata non é unha prestación de persoal, senón un Servizo, en todo momento deberá estar dotado dos medios necesarios para poder ser prestado correctamente; aínda que sexan maiores medios que os mínimos previstos pola Administración ou polo Licitador.

Polo tanto o contrato comportará que o Consultor deba aportar o persoal e medios materiais que requira a óptima realización nos momentos mais oportunos dos traballos que se contratan.

Asemade deberase de acreditar aqueles outros técnicos especialistas, titulados superiores ou medios, e persoal de outro tipo que aínda que non estean a tempo completo a pé de obra sexan necesarios como apoio de oficina técnica.

O persoal que realice as funcións de dirección facultativa, de control e vixilancia e de coordinación de seguridade e saúde, tanto a pé de obra como no apoio da oficina técnica, terá os coñecementos





necesarios para garantir que as obras se executen axustadas ao proxecto ou modificacións autorizadas, prestando a súa cooperación técnica en tódalas actividades propias de control e vixilancia.

O persoal, especialmente o de nivel medio e superior, deberá desempeñar o seu cometido coa suficiente continuidade para que non quede diminuída a calidade e eficacia do traballo requirido.

A estes efectos o Consultor deberá presentar un organigrama do funcionamento do equipo. Nel indicará a lista nominal de persoal que integrará o servizo a pé de obra expresando un breve "curriculum vitae" de cada un, a estrutura, funcións, responsabilidades e facultades asignadas aos distintos postos e a expresa aceptación dos interesados para desempeñar os traballos que lles foran asignados.

Indicarase asemade a lista de persoal e "curriculum vitae" de cada un dos elementos persoais que prestarán apoio de oficina técnica.

O Director do Servizo poderá, xa sexa ao comezo da vixencia do contrato ou durante o mesmo, recusar o persoal que o Consultor adscriba ao servizo e esixir o seu cambio cando considere que a súa preparación non é axeitada ou estime prexudicial a súa permanencia no equipo.

Calquera modificación, incluída a adición de persoal durante o transcurso dos traballos, debera ser previamente aprobada pola Administración, a vista das circunstancias persoais dos novos membros propostos.

O persoal adscrito polo Consultor á prestación obxecto do Contrato, non terá ningunha relación laboral coa Administración, baixo ningún concepto.

Son de conta directa do Consultor todos os devengos do persoal, incluídos seguros sociais e impostos, que regulan a Ordenanza Laboral para a actividade de Oficinas e Despachos e os Convenios Colectivos en vigor, ou os que se podan aprobar durante o período de vixencia do contrato.

6.2 VEHÍCULOS

Cando así o requira a execución dos traballos que forman parte do contrato, o Consultor porá a disposición do seu persoal os vehículos necesarios para realizar os desprazamentos necesarios.

O Consultor ten a obrigaón de dotar ao seu persoal de perfecta mobilidade en todo momento, a base de poñer á súa disposición os medios que sexan necesarios, sen que se lle poida atribuír á falta de vehículos a non presenza do persoal no momento adecuado nos lugares onde se requira a súa presenza.

6.3 SERVIZOS ADICIONAIS

Responden a este concepto os servizos necesarios de asesoría técnica e de gabinete para organizar e elaborar, en colaboración coa Administración, Dirección, Delegado, Autor dos Proxectos e resto de persoal adscrito ao contrato, os traballos, estudos e documentos que forman parte do contrato.

Para levar a cabo estes servizos, o Consultor deberá contar nas súas propias oficinas co persoal técnico especializado e cos medios necesarios para a correcta e satisfactoria realización de todos eses traballos.

O custo de todos os traballos de produción (mecnografía, topografía, delineación, reprodución, ordenación e similares), tanto nos documentos redactados polo Consultor, como nos preparados directamente pola Administración, serán a cargo do Consultor.





7 ORZAMENTO DO CONTRATO

O custo dos traballos previos descritos no apartado 4.3 deste prego enténdense comprendidos nos honorarios establecidos para a elaboración dos documentos para a tramitación urbanística e ambiental, e para a redacción dos distintos proxectos por parte do Consultor.

Os sobrecustes correspondentes aos documentos redactados polo Consultor serán financiados por este, cando sexan consecuencia de erros ou omisións a el imputables ou ás obras complementarias que se debesen diligentemente prever polo contratista, todo iso sen prexuízo das indemnizacións que se establecen neste prego de conformidade co artigo 311 do TRLCSP e das responsabilidades que se deducen do disposto no artigo 312 do TRLCSP.

No caso de que houbera que modificar algún proxecto en fase de obra co correspondente modificado por causas imprevistas ou sobrevidas de interese xeral abonaríanse os honorarios que resultaran de acordo ao calculo de honorarios que resultou no proxecto primitivo sobre a porcentaxe de orzamento que se modifica no mencionado proxecto modificado, cunha minoración dun 50%. Non se abonarán honorarios se o proxecto modificado se producise por supresión de unidades de obra.

Para a valoración dos traballos a efectuar, estudouse o custo estimado para a contratación dos servizos que se pretenden levar a cabo. Este orzamento desagregase nos seguintes importes:

MELLORA DO SISTEMA VIARIO E DE ACCESOS

- V-1 Mellora dos accesos viarios e ciclistas dende a zona de a Choupana
V-2 Mellora dos accesos viarios e ciclistas dende o Periférico e Mestre Mateo

Descrición	Ud	€ /ud	€
V-1 Proxecto de trazado Accesos Choupana	1	40.000	40.000,00
V-2 Proxecto de trazado Accesos Periférico e Mestre Mateo	1	70.000	70.000,00
V-1 Proxecto de Construción Accesos Choupana	1	40.000	40.000,00
V-2 Proxecto de Construción Accesos Periférico e Mestre Mateo	2	70.000	140.000,00
A-1 Cartografía zona do viario	2	5.000	10.000,00
A-2 Estudo xeotécnico zona do viario	2	20.000	40.000,00
A-3 Estudo Ambiental incluído patrimonio cultural accesos viarios	2	10.000	20.000,00
A-4 Tramitación urbanística e ambiental accesos viarios	2	10.000	20.000,00
A-5 Estudo de mobilidade con microcirculación	1	50.000	50.000,00
A-6 Reforzo dos servizos urbanísticos do hospital	1	30.000	30.000,00
Orzamento de execución material			460.000,00
Gastos xerais 13,00%			59.800,00 €
Beneficio industrial 6,00%			27.600,00 €
Orzamento base de licitación			547.400,00 €
IVE (21%)			114.954,00 €
Orzamento base de licitación con IVE			662.354,00 €

A tramitación poderá ser independente ou contida dentro do Proxecto de Interese Autonómico

No caso de tramitarse dentro do PIA, o contido dos proxectos de accesos e viario será o propio dun proxecto de trazado



REDACCIÓN E TRAMITACIÓN DO P.I.A. E REDACCIÓN DE PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN

Redacción e tramitación Proxecto de Interese Autonómico		m2	€/m2	€
P-1	Proxecto Básico Urbanización e mellora da mobilidade interna	30.000,00	5,00 €	150.000,00 €
P-2	Proxecto Básico Aparcamento A Mestre Mateo - Periférico	15.000,00	7,00 €	105.000,00 €
P-3	Proxecto Básico Aparcamento B Rúa Cantaleta - Periférico	10.000,00	7,00 €	70.000,00 €
P-4	Proxecto/s Básico/s aparcamento/s en Superficie	5.000,00	7,00 €	35.000,00 €
P-5	Anteprojecto de Ampliación do espazo asistencial	40.000,00	10,00 €	400.000,00 €
		ud	€/ud	€
A-1	Cartografía zona do PIA	1	5.000,00 €	5.000,00 €
A-2	Estudo Xeotécnico da zona do PIA	1	40.000,00 €	40.000,00 €
A-3	Estudo Ambiental incluído patrimonio cultural da zona do PIA	1	40.000,00 €	40.000,00 €
A-4	Tramitación urbanística e ambiental	1	20.000,00 €	20.000,00 €
TOTAL REDACCIÓN E TRAMITACIÓN PIA				865.000,00 €

Redacción de proxectos de execución Aparcamentos e urbanización		m2	€/m2	€
P-1	Proxecto de Execución Urbanización e mellora da mobilidade interna	30.000,00	7,00 €	210.000,00 €
P-2	Proxecto de Execución Aparcamento A Mestre Mateo - Periférico	15.000,00	8,00 €	120.000,00 €
P-3	Proxecto de Execución Aparcamento B Rúa Cantaleta -Periférico	10.000,00	8,00 €	80.000,00 €
P-4	Proxecto/s de Execución aparcamentos en Superficie	5.000,00	8,00 €	40.000,00 €
TOTAL PROXECTOS DE EXECUCIÓN				450.000,00 €
Orzamento de execución material				1.315.000,00 €
Gastos xerais 13,00%				170.950,00 €
Beneficio industrial 6,00%				78.900,00 €
Orzamento base de licitación				1.564.850,00 €
IVE (21%)				328.618,50 €
Orzamento base de licitación con IVE				1.893.468,50 €

Debido a que o alcance definitivo dos proxectos básicos e de execución non se concretará ata que quede definido a documentación técnica do PIA obxecto de contratación, o valor estimado dos proxectos básicos e de execución obtense multiplicando o prezo unitario por metro cadrado proxectado (15 €/m2) pola superficie construída máxima prevista (30.000 m2) calculada en base a un ratio máxima de 30 m2/praza, sendo 1.000 o número mínimo de prazas a proxectar. O prezo unitario de 15 €/m2 é o resultado de considerar un módulo básico de construción de 500 €/m2 para o uso garaxe e un coeficiente de repercusión para a redacción dos proxectos do 3% do O.E.M.





COMUNICACIÓN

	Descrición	€	ud	€
1	Deseño plan de comunicación	3.000,00 €	1	3.000,00 €
1	Publicación de anuncios en prensa	7.000,00 €	6	42.000,00 €
1	Producción de vídeos divulgativos	10.000,00 €	2	20.000,00 €
1	Repositorio audiovisual	4.500,00 €	1	4.500,00 €
1	Organización e asistencia técnica de reunións	1.500,00 €	10	15.000,00 €
Orzamento de execución material				84.500,00 €
Gastos xerais 13,00%				10.985,00 €
Beneficio industrial 6,00%				5.070,00 €
Orzamento base de licitación				100.555,00 €
IVE (21%)				21.116,55 €
Orzamento base de licitación con IVE				121.671,55 €

RESUMO DO ORZAMENTO XERAL

	Descrición	€
R-1	Comunicación	84.500,00 €
R-2	Trazado e construción de Viario e Accesos	460.000,00 €
R-3	Proxecto de Interese Autonómico	865.000,00 €
R-4	Proxecto de execución aparcamentos e Urbanización	450.000,00 €
Orzamento de execución material		1.859.500,00 €
Gastos xerais 13,00%		241.735,00 €
Beneficio industrial 6,00%		111.570,00 €
Orzamento base de licitación		2.212.805,00 €
IVE (21%)		464.689,05 €
Orzamento base de licitación con IVE		2.677.494,05 €

O Orzamento Base de Licitación con IVE ascende a DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SETE MIL CATROCIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (2.677.494,05 €).





8 DISPOSICIÓNS XERAIS

8.1 CONDICIONANTES TÉCNICOS

Na realización do traballo, o Consultor terá en conta todas as disposicións que con carácter de instrución, norma ou recomendación de carácter técnico foran ditadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de modo subsidiario, pola Administración Xeral do Estado.

No que respecta a fase de execución das obras, o Consultor e o seu persoal adscrito ao contrato serán responsables da calidade técnica da prestación que desenvolvan, así como das consecuencias das posibles insuficiencias, omisións ou erros durante a execución do contrato.

O Consultor subscribirá un seguro de responsabilidade civil acorde co indicado no Prego de Cláusulas Administrativas, para o persoal da Administración e do Consultor que interveña no desenvolvemento dos traballos que cubrirá as posibles responsabilidades que lle poidan ser imputadas.

Ao inicio da fase de execución das obras, o Consultor remitirá á Administración, para a súa aprobación, o Plan de control coa previsión de certificacións. Os traballos desenrolaranse con arranxo ó Plan de Control como consecuencia dos programas previstos para a execución das obras, segundo o determinado pola dirección das mesmas.

O Consultor axustarase, con flexibilidade, ao Programa de Traballos das obras vixentes en cada momento, ou ás modificacións que esixa a boa marcha daquelas.

Será por conta do Consultor a obtención de todos os permisos e licenzas de particulares que se requiran para a execución dos traballos encomendados e demais indemnizacións a que dea lugar o desenvolvemento dos mesmos.

O Consultor adoptará as medidas necesarias para que durante a execución dos traballos encomendados quede asegurada a protección a terceiros, sendo da súa total responsabilidade as indemnizacións polos danos e prexuízos que a estes podan ocasionarse como consecuencia daqueles, se a tenor das disposicións e leis vixentes incorresen en culpabilidade.

8.2 PLAN DE ASEGURAMENTO DA CALIDADE DO CONSULTOR

O Consultor presentará o seu propio Plan de Aseguramento da Calidade, que deberá ser aprobado pola Administración, a aplicar aos traballos realizados por el obxecto da presente licitación, que recollerá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Organización xeral do servizo.
- Organización do persoal do Consultor.
- Recursos achegados.
- Sistemas documentais propostos.
- Revisión interna das actuacións.
- Revisión interna da documentación emitida.
- Auditorías.





8.3 VALORACIÓN, MEDICIÓN E ABONO DOS TRABALLOS

Nestes prezos considéranse incluídos cantos custos directos se deriven da realización das prestacións obxecto do contrato e, en xeral, todas as actividades e relacións entre as partes contempladas neste Prego.

No seu caso, as partidas de abono íntegro serán abonadas na súa totalidade tan pronto como a Administración considere que se efectuaron os traballos correspondentes con arranxo ás condicións requiridas.

No caso de que o Consultor así o solicite, unha vez estea entregada a documentación, e conte coa conformidade do Director / Responsable do Contrato, poderá anticipárselle o abono dun 70% da redacción de cada un dos proxectos de acordo ao punto 7 deste Prego,.

Unha vez sexa informado favorablemente polo servizo de supervisión de proxectos, coa documentación final entregada e aprobado de conformidade do Director / Responsable do Contrato, aboarase o resto do prezo deste concepto.

Aos prezos de execución material aplicaráselle, en primeiro lugar, as porcentaxes establecidas no epígrafe 7 deste Prego en concepto de gastos xerais e beneficio industrial. Sobre esa cantidade aplicarase o coeficiente de adxudicación ofertado polo Consultor, como resultado do proceso de licitación. Por último, á cantidade resultante aplicaráselle o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor Engadido que lle corresponda segundo a data de emisión da factura á que se refiren os traballos.

A medición estimada e o orzamento correspondente do contrato de servizo detállanse no epígrafe 7 do presente Prego. Así, o Orzamento Base de Licitación (IVE INCLUÍDO) do presente contrato ascende á cantidade que se resume no apartado 'resumo do orzamento xeral' do epígrafe 7.2 do presente prego.

No caso de que se resolvase o contrato sen que se completaran os traballos de redacción dos proxectos e sen que se houbera descontado devandito anticipo, o seu desconto aplicaríase como parte da liquidación do contrato, na que só serían obxecto de valoración e abono os traballos efectivamente realizados.

8.4 PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do presente contrato estímase en **30 meses**, que se iniciarán desde a data de formalización do contrato de acordo coa seguinte programación, tal e como indica no cadro de características do contrato.

Ao inicio e durante a redacción do proxecto o adxudicatario manterá cos responsables do contrato todas aquelas reunións de coordinación que fosen necesarias para definir con precisión o alcance funcional do proxecto e obter así o correspondente visto bo previo.

Tramitación urbanística e ambiental, redacción dos proxectos e execución de actuacións preparatorias:

- Estímase que a partir do primeiro mes dende a formalización do contrato, se poderá presentar a Proposta de Actuación a fin de tramitar a Declaración de Interese Autonómico; así como a entrega da planificación temporal semanal dos traballos por realizar durante a vixencia do contrato, con referencia á data de formalización. Esta proposta de actuación deberá avaliar a





compatibilidade do aparcamento B coa planificación urbanística vixente, de modo que o seu proxecto de execución se poida redactar en paralelo ao documento do PIA.

- Estímase a partir do mes 5 dende a formalización do contrato: realización dos traballos previos da cláusula 4.3 deste Prego, e entrega da documentación necesaria para o inicio da tramitación urbanística e ambiental, así como a **versión inicial** da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito que se estime necesaria.
- Estímase que no mes 12 dende a formalización do contrato: entrega da **proposta final** da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito necesaria para o PIA cun nivel de proxecto de trazado dos viarios e accesos, anteproxecto para a ordenación e as conexións coa ampliación do edificio sanitarios e de proxecto básico para a edificación dos aparcamentos.

A documentación definitiva do documento para tramitación urbanística e da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito, que incorporará as modificacións e correccións que procedan á vista do resultado da información pública e dos informes emitidos polos organismos competentes entregárase como máximo 1 mes despois da recepción do último dos informes.

- No caso de que o aparcamento B se tivese avaliado como compatible coa planificación urbanística vixente, no mes 12 entregárase o seu proxecto de execución.
- No mes 12 entregárase, ademais, o proxecto de urbanización da mellora da intersección da Choupana, de acordo co previsto no PXOM.
- Estímase que no mes 18 dende a formalización do contrato: entrega do proxecto ou proxectos de execución de edificación, do proxecto de urbanización e do proxecto ou proxectos de construción de viario e accesos para su supervisión inicial.
- Estímase que no mes 18 dende a formalización do contrato estará aprobado o documento para a tramitación urbanística.
- Estímase que no mes 30 dende a formalización do contrato estarán aprobados os proxectos de urbanización e o proxecto ou proxectos de construción de viario e accesos e os proxecto de execución de edificación, e estarán ocupados os terreos necesarios para a execución das obras.

En todo caso a Administración poderá suspender a execución do contrato durante estas fases de supervisión dos proxectos de conformidade co establecido na cláusula 4.6.4.





9 ANEXOS DO DOCUMENTO

- Anexo nº 1: Ficha descriptiva breve dos proxectos.
- Anexo nº 2: *Estudio de movilidad y aparcamiento del Hospital Clínico de Compostela*, redactado polo Sergas en Setembro 2023, no relativo ao CHUS.
- Anexo nº 3: *Actuacións para a mellora da mobilidade e da integración urbana do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), Proposta de colaboración entre administracións públicas* do Concello de Santiago de Xaneiro 2024.
- Anexo nº 4: Plano de emprazamento. Previsión aparcamentos e ampliación Sergas.
- Anexo nº 5: Estudo Previo Accesos CHUS.
- Anexo nº 6: Protocolo de colaboración Xunta de Galicia - Concello de Santiago de Compostela para a mellora da accesibilidade do CHUS.
- Anexo nº 7: Paneis do análise das posibilidades da ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Outubro 2016
- Anexo nº 8: Declaración de ausencia de conflito de interese

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xefe da Área de Deseño de Infraestruturas
Carlos Joaquín Lefler Gullón

O director da Axencia Galega de Infraestruturas
Francisco Menéndez Iglesias





ANEXO Nº1: FICHA DESCRIPTIVA DOS PROXECTOS

O contido de cada ficha será como mínimo o seguinte:

1. *Obxecto da actuación*

Definición do obxecto da actuación contemplada no proxecto. Deberá indicar a previsión do anteprojecto e expresar a súa adecuación ao mesmo.

2. *Descrición da actuación*

Resumo das obras para executar coa descrición dos traballos que comprenden. Con carácter xeral, recollerase o mesmo texto ou un resumo do apartado do proxecto do mesmo título, que deberá relacionar de maneira clara as principais tarefas a desenvolver, destacando as singularidades que poida haber e os condicionantes atopados para a selección da solución definitiva.

3. *Características técnicas*

Resumo dos datos técnicos representativos das obras.

Destacaranse as posibles peculiaridades por fases de actuación.

4. *Principais unidades de obra*

Identificación das unidades de obras máis importantes que conforman o orzamento do proxecto.

5. *Uso da infraestrutura* resultado da actuación

Descrición do uso que se lle vai dar á infraestrutura obxecto do proxecto, identificando os seus usuarios e cuantificándoos no posible (nº de postos/nº de pacientes/nº de vehículos/etc)

6. *Prazo*

Prazo de execución da obra expresado segundo o recolleito no proxecto (anos, meses, semanas, etc.), da obra completa e das súas fases.

7. *Orzamentos*

Orzamento base de licitación (IVE 21%) (€)

Orzamento de Servizos afectados (€)

Orzamento para Coñecemento da Administración (€)

No caso de actuacións especiais (con especificacións fora do ordinario, con procesos construtivos complexos ou salientables, etc.), respecto das cales se considere preciso apuntar determinados aspectos non encadrables nos puntos definidos anteriormente, poderán engadirse novos campos á ficha.

Deberase tamén incluír un plano xeral no que se identifique a zona de desenvolvemento das actuacións e outro ou outros planos de detalle, a maior escala. Incorporarase ademais unha sección tipo das obras proxectadas e, de ser o caso, infografías do resultado final da execución da obra.





ANEXO Nº8: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESE

Co obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación ao que se refire este Prego, os asinantes do presente documento, como participantes no proceso de preparación, tramitación, e/ou execución do expediente, declaran:

Primeiro. Estar informados do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo o indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ten a fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou en outro en cuxa resolución puidera influír a de aquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.



e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

Segundo. Non se atopar incursos en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público que poida afectar ao procedemento de licitación.

Terceiro. Comprometerse a poñer en coñecemento do órgano de contratación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidera dar lugar a dito escenario.

Cuarto. Ter coñecemento de que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

